



Un mar aínda máis limpo

Nen unha gota das augas residuais de Oleiros vai directamente ó mar sen depurar. O noso concello xa ten logrado un dos máis importantes obxectivos de saneamento. Pero é preciso que a Xunta acometa unha obra longamente esperada, e que se contratará axiña, segundo informaron en Obras Públicas: elimina-la depuradora de Mera e conecta-lo norte coa condución xeral de augas residuais, un sistema que será automatizado. **Ler en páxina 6.**



CONCELLO
DE OLEIROS

Vivir en Oleiros

Número 9
Decembro de 2000

Conservámo-la ilusión intacta

Esther Pita. Alcaldesa de Oleiros

Queridos veciños:

Como sabedes, os grupos políticos PP, PSOE e BNG fixeron valer a súa maioría no Pleno Municipal para **anular o salario da Alcaldesa**. Unha argucia máis para intentar socavar o crédito da Alternativa dos Veciños, o prestixio que suscita Oleiros dentro e fóra do noso Concello. Un exemplo máis de política suxa e negativa.

Pero esto, con ser un miserable asunto, non vai perxudicar unha migalla o noso tesón, a nosa forza e a nosa ilusión por traballar arreo para que Oleiros siga sendo esta cousa bonita que nos arrodea.

O salario ós políticos é o garante da democracia. Os traballos públicos que esixen moita dedicación de tempo son retribuídos, porque senón só poderían ocupalos xentes millonarias ou ociosas. Gracias ó salario, homes e mulleres traballadores e humildes podemos exercer a representatividade pública e defende-los intereses dos veciños, que case nunca coinciden cos intereses dos poderosos.

Unha simple nómina, clara e limpa, libera as sospeitas de corrupción, completamente desterrada da xestión honesta e xenerosa que facemos en Oleiros desde a alcaldesa ata o último concelleiro, co apoio dos miles de veciños que participan na Alternativa, e como non, co noso presidente Gelo, á cabeza. E cada un retribuído segundo a súa dedicación.

Pero con salario ou sen salario que ninguén se preocupe: seguiremos tranquilos, traballando decote, ostentando a representación dos veciños de Oleiros, a alta dignidade deste Concello, por moito aldraxe que intenten cuspir sobre nós.

Xa se sabe: ofende quen pode, non quen quere. E cos seus actos demostran a súa verdadeira talla política. Coitados.

O novo Clube de Deportes Náuticos, para disfrutar do ocio en contacto co mar

Arrodeados da nosa fermosa costa, tiñamos que potencia-la relación co mar. Axíña nacerá o Clube Municipal de Deportes Náuticos, unha iniciativa que integra o ensino deportivo co disfrute do tempo libre, e no que haberá un lugar para remo, vela, piragüismo, buceo, surf, windsurf e body-board, con actividades en todo o litoral. **Ler en páxina 23.**



As expropiacións esixidas por Costas obrigan a modifica-lo PXOM



Mera desespera

Anos e anos agardando por un paseo marítimo prometido polo Goberno, tantas veces aprazado e desexado polos veciños para arranxa-la súa fachada litoral.

■ O Ministerio do Medio Ambiente xa non ten razóns para seguir frenando a construción do Paseo Marítimo de Mera. O Concello puxo á súa disposición os terreos necesarios para iniciar a primeira fase (desde a Capela de Santa Ana á Praza de Miramar). Tamén iniciou os trámites para modifica-lo PXOU, algo imprescindible para levar a cabo as expropiacións que esixe Costas para acomete-la segunda fase do proxecto: desde Miramar á praia de Espiñeiro.

■ A ver se por fin chega o momento en que os veciños de Mera, e tamén os do resto do Concello, podan abandonar esa desesperación que produce unha obra importante da que xa se levan feito 3 proxectos diferentes desde hai anos. O fermoso litoral de Serantes e Maianca, a súa entidade urbana e o seu necesario pulo turístico convirten esta reforma ambiental en prioritaria para todos.

Todas as obras en curso e as que comezarán próximamente

Páxinas 8 e 9

A piscina de Perillo: xa lista pero aínda inútil

Páxina 22

Os maiores, en bus a nadar á piscina da Fábrica

Páxina 22

Como saber
donde
está
todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 2

¿Cántos somos?



Os teus teléfonos

Concello de Oleiros	981 61 0000
Policia Local (24 horas)	981 61 0001
Garda Civil de Oleiros	981 61 0067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 61 0824
Servizo de augas	981 61 0602
Mercado municipal	981 63 8158
Recadación municipal	981 63 5603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610000 ext.211
C. Recuperación fauna salvaxe	981 62 6241

Urxencias médicas (24horas)	061
Centro de Urxencias Sta. Cruz	981 61 4901
Centro Saúde Perillo	981 63 8731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 62 6768

Centros municipais de actividades

Casa da Xuventude	981 63 6598
C. Cultural As Torres de Sta. Cruz	981 63 0618
Centro Cívico de Sta. Cruz. Daniel Castela, 5	
Casa do Pobo de Mera	981 61 7662
Casa do Pobo de Iñás	981 63 1240
Casa do Pobo de Nos	981 66 4257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 61 8201
Centro Cultural de Montrove	981 63 8869
Casa da Cultura de Perillo	981 63 6555
Centro Cultural A Fábrica	981 63 6598
Casa do Pobo de Dorneda	981 61 4582
Casa Charry	981 63 1444
Casa da República. Rúa O Castelo. Oleiros	
Museo dos Oleiros J.M.Kaydeda	981 62 6692
Pazo dos Vellos Arenaza	981 63 1240
Castelo de Santa Cruz	981 63 0618

Centros educativos

C. Formación Isaac Díaz Pardo	981 63 1706
Escola Infantil Esquio / Dorneda	981 62 6638
Escola Infantil A Braña / Maianca	981 61 7505
Escola Infantil O Vilar / Nos	981 66 4257
Escola Infantil Vilanova / Nos	981 65 1417
Escola Infantil O Corgo. Av. Jiménez Herrero, 126. Dexo	
Escola Infantil O Castaño / Perillo	981 63 9160
Escola Infantil A Pardela / Os Regos	981 63 1788
Escola Infantil Río da Loba / Oleiros	981 61 1544
Instituto Neira Vilas / Perillo	981 63 8903
Instituto María Casares / Bastiaqueiro	981 62 6344
Colexio Luis Seoane / Canide-Mera	981 61 7130
Colexio Parga Pondal / Sta. Cruz	981 61 4967
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 63 6754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 61 0023

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 63 9511
Sta. Cruz (inclúe C. Doc. da Muller Rosalía de Castro)	981 62 6338
María José Trincado / Mera	981 62 8507
Iñás	981 63 1240
Dorneda	981 61 4111
Oleiros	981 61 0700
Anxel Fole / Nos	981 66 4257
Xoglar Meendiño / Dexo-Lorbé	981 61 8201
Federico García Lorca / Montrove	981 63 8869

Servicios Varios

Veterinarios
Santa Cruz 626310
Gayacán 660335 /Vilanova
Salud Animal 631651 /Dos Regos

Maquinaria de construción
J.Barreiro 635474 /Oleiros

Reparación coches e bicis
J. Galán 610710 /Oleiros

Fontanerías
A.Taibo 614529 /Sta.Cruz
A.Guillín 631567 /Oleiros
J.Arca 617591 /Maianca
J.A.Barros 626689 /Dorneda
J.Costa 635735 /Sta.Cristina
A.Dominguez661108 /Nós
S.Fernández 638214 /Perillo
Fonelec 662744-908587710 /Nós

C.Suarez 638400 /Perillo
J.García 610339 /Oleiros
S.García 611039 /O Carballo
F.J.Gruero 636092 /Sta.Cruz
M.C.López 637010 /Sta.Cruz
A.Martínez 611317 /Oleiros
R.Mesias 667205 /Nós
J.Novo 908084450 /Oleiros
J.Pardo 631127 /Dorneda
R.Pol 635325 /Perillo

Instalacións eléctricas
E.F.Otro 908584277 /Mera
R.Pol 635325 /Perillo
J.L.Rodríguez 626270 /Dorneda
A.Vian 637254-908584691 /Perillo

Albanería
J.M.Alvarez 617788 /Serantes
A.Arevalo 617243 /Dexo
J.Bao 635617 /Perillo
A.Barreiro 617887 /Maianca
F.Beltran 628373 /Lorbe

J.M.Bias 635811 /Perillo
J.Cagiao 626038 /Sta.Cruz
J.Cal 662449 /Oleiros
M.C.Carballo 631578 /Nos
Gomaño 666387 /Oleiros
O.Bravo 908586979 /Sta.Cruz
J.M.Fernández 614990 /Arillo
F.Fernández 636078 /Perillo
E.Fernández 636572 /Perillo
J.Fernández 614919 /Dorneda
J.Fernández 617720 /Dorneda
L.Gacio 636587 /Perillo
A.García 618190 /Serantes

V.García 661448 /Nós
M.Illanes 614356 /Dorneda
D.Lamas 631356 /Oleiros
A.Lastres 908586296 /Dorneda
A.López 617411 /Mera
J.D.López 626082 /Santa Cruz
F.Mañana 615298 /Arillo
J.L.Martínez 636034 /Perillo
A.Mato 667682 /Nós
J.Mirón 618119 /Mera
V.Naya 617096 /Mera
M.Novo 610830 /O Carballo
A.Otero 631344 /Oleiros

J.Pampín 635920 /Perillo
J.L.Prego 626147 /Dorneda
J.A.Prieto 610181 /Oleiros
F.Recarey 617503 /Oleiros
J.M.Rodríguez 610746 /O Carb.
J.R.Sánchez 664599 /Nós
F.Sánchez 610779 /Iñás
L.Siso 617461 /Mera
M.Siso 617467 /Mera
R.Suarez 615239 /Dorneda
A.Suero 614849 /Dorneda
A.Uzal 908581521 /Rialta
M.Vallo 610812 /Oleiros

F.Vazquez 614927 /Santa Cruz
M.Vidal 631015 /O Valiño
M.Vieito 610060 /Oleiros

ATS-Fisioterapeutas
M.Miranda 638633 /Perillo
J.L.Sanchez 638234 /Perillo

Notarios
R.Benzo 611506 /Oleiros

Un concello vivo



101.5 FM

Informativos diarios ás 14 e ás 21 horas
Axenda de ocio ás 13,30h
e repaso á actualidade do mundo ás 13 horas.
O resto do día, música sen complexos

24 horas de música e noticias

Cóntanos o que queiras no 981 631 078

Querida lúa

O ciclo da lúa

Nova	11 Decembro
Medra	18 Decembro
Chea	25 Decembro, Nadal
Mingua	4 Decembro

Farmacias

O servizo de urxencia está organizado entre as farmacias dos concellos de Oleiros, Cambre e Culleredo. Cada semana, corresponde o servizo nocturno ás seguintes oficinas:

TURNO 1 Están de Guardia do 22 ó 29 de decembro. A este turno pertencen:

Oleiros [Camilo D. Valiño, 1] • **O Temple**. [Costa da Tapia, 1]

TURNO 2 Están de Guardia do 29 de decembro ó 5 de xaneiro. A este turno pertencen:

Mera-Serantes-Lorbé • **O Portazgo-Vilaboa** • **Cebre**

TURNO 3 Están de Guardia do 1 ó 8 de decembro. A este turno pertencen:

Perillo [Avda. Rosalía Castro] • **Cambre**

TURNO 4 Están de Guardia do 8 ó 15 de decembro. A este turno pertencen:

Nós • **Rutis** [Av. Vilaboa]

TURNO 5 Están de Guardia do 15 ó 22 de decembro. A este turno pertencen:

Santa Cruz [Avda. Concepción Arenal] • **O Burgo**

Servicio permanente: Sigrás-Cambre e Tarrío-Culleredo

Mareas para o fin de século

Horas de domingos

Preamares Decembro

Día 3 07,26 e 20,12

Día 10 02,07 e 14,26

Día 17 07,22 e 20,10

Día 24 02,04 e 14,29

Día 31 06,12 e 18,36

Baixamares Decembro

Día 3 01,01 e 13,44

Día 10 08,11 e 20,27

Día 17 00,53 e 13,46

Día 24 08,14 e 20,27

Día 31 12,24

Por favor, se detecta algún erro ou a carencia dalgunha información, comuniquenolo para poder subsanaló.

Alternativa dos Veciños / Ángel García Seoane



Gracias a todos

Desde a Alternativa dos Veciños queremos agradecerlo forte apoio e as mensaxes de alento que centos de veciños e amigos da comarca nos fixeron chegar en relación cos últimos acontecementos provocados polos grupos da oposición para convulsionar a vida municipal.

Este apoio sincero e xeneroso estímálanos para seguir facendo de Oleiros este sitio distinto e agradable para vivir, e donde a

convivencia e o espírito creativo se impoña por enriba dos intolerantes e dos que tentan crispa-la vida social do noso concello.

Creemos que xa vai sendo hora de recupera-la cordura. O Goberno Municipal non pode seguir dedicando esforzos a defenderse de ataques e insultos ou a responder con evidencias ás terxiversacións.

Estamos en plena elaboración dos presupostos para o próximo ano. Os veciños

trasladaron as súas demandas ó Goberno Municipal e os técnicos están elaborando o principal documento de xestión do ano que comeza.

Este é un momento clave para que cada un demostre cómo desexa contribuir ó progreso de Oleiros. Desde a Alternativa estamos a facer todo o posible para conseguir un amplo consenso sobre cómo debemos emprega-lo diñeiro público o ano próximo: unha amplísima gama de obras públicas,

actividades sociais e recursos de xestión que aberta e amablemente se presenta ó resto dos concelleiros para a súa consideración e discusión.

A Alternativa dos Veciños continúa moi segura e decidida o seu traballo en posívo a prol das necesidades dos homes e mulleres que vivimos en Oleiros.

Ogallá todos poidan dicir o mesmo.

Grupo Municipal del Partido Popular

Los ciudadanos, por encima de las discusiones políticas



Todas las fuerzas políticas deben participar en los Presupuestos para 2001

El Partido Popular de Oleiros ha reiterado su voluntad de colaborar con el resto de las fuerzas políticas con representación municipal para sacar adelante un proyecto que garantice una buena gestión y contribuya a mejorar las condiciones de vida de los ciudadanos. Jesús María Fernández Rosende, portavoz del Grupo Popular, lleva varias semanas insistiendo en la necesi-

dad de que todos los partidos políticos, sin exclusiones, participen en la elaboración de los Presupuestos, que deben responder a las necesidades reales del Municipio.

Conseguir unos presupuestos consensuados implica a todos los partidos en velar por su cumplimiento, por eso Alternativa dos Veciños debe compartir una mesa de negociación con el Partido Popular, PSOE, y BNG. Sin embargo, Rosende exige al Equipo de

Gobierno que estas reuniones se produzcan sin condiciones y con un balance previo de la situación financiera real del Ayuntamiento. Además, el portavoz popular exige que Alternativa informe al resto de los partidos sobre la disponibilidad presupuestaria para el año 2001.

A menos de un mes para que finalice el año, la Alcaldía tiene que tomar medidas urgentes para que los cuatro grupos lleguen a un acuerdo y se cumplan los plazos que estipula la ley para aprobar los Presupuestos.

Los únicos beneficiados de la exigencia presentada por el Partido Popular en varias ocasiones son los vecinos de Oleiros. Este consenso debe contemplar las necesidades más urgentes, los problemas más inmediatos y solucionarlos de una forma eficaz.

Esa es la forma de gestión del Partido Popular, una gestión que sitúa el avance en materia social, el crecimiento económico y el respeto por el entorno por encima de cualquier discusión política.

Partido Socialista Obrero Español / Luis Vázquez

La felicidad de las personas es el objetivo, también de la política



Los socialistas consideramos que en Oleiros hay proyectos muy necesarios que es urgente acometer: aceras, pavimentación de caminos, aparcamientos, paseos marítimos y sobre todo la vía rápida que recoja el tráfico de Lorbé, Mera, Dorneda, Santa Cruz, Oleiros, Iñás, .. y lo lleve a la autovía, a la autopista y a nuestra ciudad de A Coruña.

Queremos tranquilidad en nuestros pueblos y más seguridad en nuestras carreteras, porque un pueblo precioso atravesado por

miles de vehículos cada día pierde gran parte de su calidad de vida. Hay que hacer pues carreteras de circunvalación.

Somos más de 27.000 vecinos, muchos más durante el verano, y sin embargo tenemos las mismas carreteras que hace cincuenta años. Oleiros es el ayuntamiento de Galicia que más crece y con ello cada día aumenta el problema, porque faltan carreteras y transporte público de calidad.

Pero la felicidad de las personas es el

objetivo, también de la política, y para ello, además de conseguir carreteras, polideportivos, paseos marítimos y aceras, es imprescindible un proyecto de convivencia, de civismo, de respeto a las personas, a sus ideas y a sus creencias, a la libertad individual con el único límite de la libertad y el respeto a los demás.

El gobierno en minoría de Alternativa dos Veciños no admite las propuestas de la oposición y mucho menos las críticas. Se

creen en posesión de la verdad absoluta y que ustedes y nosotros les debemos cuanto bienestar disfrutamos. PSdeG-PSOE, del BNG y del PP hemos denunciado con nuestro voto en el Pleno que Ester Pita no ejerce de Alcaldesa y que en su lugar lo hace el Sr. García Seoane, desde el insulto. Las cosas deben cambiar en el siglo XXI.

En estas Navidades os deseamos a todos, a todos sin exclusión, un feliz Siglo XXI.

Bloque Nacionalista Galego / Antón Tenreiro


Sta. Cristina gaña, Oleiros tamén



Non se trata de que o vencedor sexa o Goberno ou a Oposición, trata-se de que sexan os cidadáns os que vexan mellorado o seu entorno, a súa calidade de vida e en definitiva a xestión dos que nos sentimos representantes dos veciños e veciñas.

Sta. Cristina xa gañou porque produciu-se por primeira vez en moitos anos un debate social sobor da situación real desta localidade e do que os cidadáns desexan para o futuro; un debate que deba extenderse ao resto das parroquias e que sería o verdadeiro exponente de que a sociedade deste Concello segue viva apesares do intento de control por parte do Goberno Local e as Asociacións afíns que lle fan o traballo suxo.

Oleiros gañou porque se deu conta de que nunha parroquia o povo perdeu o medo a esixir os seus dereitos nunha demostración de liberdade e participación real, apesares da imaxe "manipulada" dos medios de comunicación locais e comarcais.



■ *As empresas utilizan as comunidades de veciños para burlar ó Concello*

Móviles: as antenas, no seu sitio



O gasto en chamadas

Como en calquera familia, o Concello tomou a decisión de que as chamadas que sexa necesario realizar desde calquera edificio municipal, poidan establecerse ós teléfonos fixos, chamando só ós móbiles en caso de extrema necesidade. É unha medida que se apoia na loita contra o despilfarro, que permite aforrar recursos públicos.

Os teléfonos móbiles viñeron facernos máis cómoda a vida diaria, eso ningún o dubida. Pero todos sabemos que o seu de momento alto prezo nos fai recelar de establecer chamadas, por exemplo, entre fixos e móbiles ou viceversa. Ademais, a cobertura territorial xenera algúns problemas dos que debemos protexernos. O Concello tomou hai xa varios meses algunhas medidas, e agora o Goberno Central quere regular estas cuestións, o que dalgún xeito ven darnos a razón.

Empresas contra o Concello

Algunhas empresas de telefonía querían situa-las súas antenas sen atender á normativa municipal, que dí que estas instalacións deben situarse en determinados lugares. Como se negaron a cumplir os requirimentos do Concello, abriron unha guerra utilizando a algunhas comunidades de veciños, ás que ofrecen diñeiro a cambio de ser cómplices na burla da normativa.

Donde teñen que estar

En Oleiros permítese instalar antenas para a cobertura da telefonía móbil. Pero o Plan Xeral obriga, por cuestións estéticas e de defensa da paisaxe, a que se sitúen nuns lugares concretos onde se concentren todas e produzan menor impacto visual.

Airtel atendeu ás indicacións municipais e ten boa cobertura, pero telefónica e Amena non se ativeron aínda ás normas urbanísticas de Oleiros.

Protección da paisaxe

Están moi acostumbrados a outros lugares donde nen sequera existen normas de protección da paisaxe, e pretenden chantaxear ó Concello en nome da tecnoloxía.

Ilegais nos edificios

O Concello advertiu ás comunidades de veciños —especialmente a aquelas de edificios altos— que a instalación de antenas fóra dos lugares previstos era un acto ilegal, e por tanto que se abstiveran de acordar coas empresas accións deste tipo. Ademais, poden resultar perigosas para a saúde.

Antenas nos mellores lugares

No Plan Xeral aparecen os sitios previstos para infraestructuras de telecomunicacións, seleccionados tecnicamente para lograr as mellores coberturas en base á nosa orografía. Solen quedar ó lado dos depósitos de auga, que tamén precisan altura. Algunhas urbanizacións dispoñen tamén de espacios aillados para estes equipamentos.

Que compartan as torretas


Tamén se pretendía evitar que cada compañía instalase a súa antena, provocando un espallamento absurdo e evitando gastos innecesarios compartindo todas unha mesma estrutura.

Os usuarios tamén lles pagamos ás empresas, polo que elas, para explota-lo seu negocio, teñen que facelo atendendo ás normas en vigor.

■ *Olo: particulares e comunidades poden estar contravindo a normativa coas parabólicas nas fachadas*

¿Problemas coas parabólicas?

Tamén as parabólicas poden resultar un problema, según donde se sitúen. A normativa prohibe explícitamente ubicalas antenas en fachadas ou lugares que perturben a paisaxe urbana. Unha vez máis, chámase a atención de particulares e comunidades para que sitúen as súas antenas de xeito que non perxudiquen á fisonomía de rúas, prazas e conxuntos urbanos.



Novas vivendas protexidas

Cinquenta e dúas novas vivendas de prezo controlado pola Xunta serán construídas próximamente no Polígono de Romardeiro, en Santa Cruz, que se unirán ás que irán saíndo a oferta pública conforme se vaian desenvolvendo múltiples urbanizacións en marcha.

Non obstante, resulta significativo que boa parte das vivendas ofertadas no Polígono de Icaria quedarán desertas, xa que dos 36 pisos que saíron en Icaria (entre 9 e 14 millóns de

pesetas), só se presentaron 20 veciños de Oleiros candidatos a comprar, co que os restantes 16 poden ofertarse a cidadáns doutros lugares.

Está en proceso de desbloqueo a construción do Polígono de Mesón da Auga, no Carballo (Nos), a máis importante promoción de vivenda pública, con 185 vivendas, que será acometida directamente pola Xunta.

O Plan Municipal de Vivenda consiste en sacar a subasta o solo que corres-

ponde ó Concello en cada urbanización, para que os promotores edifiquen inmobles sometidos ó control público, que agora consiste en facilitar intereses e regulamentalo prezo das vivendas. Como condición, o Concello impuxo que durante os tres primeiros meses a oferta de vivendas estivera reservada a veciños nosos, segundo a súa antigüidade de residencia en Oleiros, xa que os criterios socio-económicos xa os pondera a Xunta.

Subasta de solo nas Galeras

Novamente vai ser posible adquirir solo a precio de subasta perto de Santa Cruz. Trátase de terreos situados nunha zona moi atractiva, como é o Polígono das Galeras, situado entre a Avda. de Che Guevara e o mar, perto xa de Santa Cruz.

Son 8 parcelas de uns 500 metros cada unha, nas que será posible edificar vivendas unifamiliares. O sistema elixido para vendelas é o da subasta, á que se poderá presentar calquera particular que desexe edificar a súa vivenda nese paraxe, arrodeado dunha ampla zona verde pública que, a xeito de senda costeira e salpicada de varios miradores, bordeará tódolos acantilados do lugar e conectará co paseo marítimo de Santa Cruz.

Este sistema de subasta utilizouse tamén para vender varias fincas nunha urbanización próxima, Romardeiro, donde xa están empezando a construír.

A polémica disólvese en poucos días

Aparcamentos en Santa Cristina, unha pedra de zucre



A proposta de construír un aparcamento soterrán baixo a avenida de Santa Cristina disólvese coma unha pedra de zucre ás poucas semanas de ser plantexado.

A indiferencia veciñal sobre o asunto, unido á postura dos empresarios revelou que moi pouca xente lle interesaba que se destruíse a actual avenida para introducir un enorme parking, opción que xa fora desbotada hai anos pola Deputación da Coruña, propietaria da avenida.

O conflito foi prantexado cando o Goberno Municipal trasladou ó Pleno —para que todos a coñecesen— unha carta do presidente da Deputación sobre os seus plans para o próximo ano en relación á transferencia de titularidade ó Concello de

diversas vías públicas, entre elas a avenida de Santa Cristina.

A ocasión foi aproveitada para que os grupos da oposición (PP, PSOE e BNG) fixesen unha piña en torno á construción do parking e a petición dunha «reforma integral» desa zona de Perillo, da que facían un retrato caótico e terceromundista que tendía a perxudicarlle a imaxe de Santa Cristina como lugar residencial e de ocio.

O Plan Xeral

Ante a proposta de construír o aparcamento soterrán baixo a avenida, o Goberno Municipal respondía co Plan Xeral de Ordenación Urbana, o documento municipal máis importante, donde aparece previsto cómo debe medrar Oleiros.

O PXOU dí que os aparcamentos públicos deben situarse nas fincas que aínda non están construídas, como ademais así se está facendo.

A proba é a recente apertura do parking da glorieta, situado na finca Guyatt, con 150 prazas ó público. Outros dous parkings obrigatorios e dous máis pendentes da sinatura de convenios conformaban unha oferta dunhas 700 prazas para automóbiles.

Indiferencia veciñal

A pouca cantidade de veciños de Santa Cristina que acoden ás assembleas convocadas e a escasa resposta á consulta municipal realizada polo Concello revela que os veciños non sitúan ese problema como unha das súas prioridades. Ademais, a Asociación de Veciños

■ *O asunto só pretendía socava-la imaxe do goberno municipal*

de Perillo «A Ría» posicionábase a favor da postura municipal.

En xeral, a satisfacción veciñal con Santa Cristina é alta, anque tanto os veciños como o propio Goberno Municipal recoñecen que existen algúns problemas derivados da excesiva cantidade de xente que alí se concentra durante as noites das fins de semana, así como algunhas deficiencias de infraestructuras que se van solucionando con diversos investimentos municipais en obras públicas.

Das 60 familias que responderon á consulta, o 94% mostrouse contraria ó parking baixo a avenida, o 4% a favor e o 2% non se pronunciou por nengunha das opcións. Pola súa parte, os 23 empresarios que participaron na assemblea, 20 apoiaron a opción municipal, 1 votou a favor da construción do parking baixo a avenida, e dous abstivéronse.

Co paso do tempo foi desvelándose o verdadeiro interese da oposición: o parking serviulles para xuntárense a desestabilizar ó goberno municipal, aproveitando que non conta coa maioría absoluta na Corporación.

■ *Innovador sistema para controlar as augas fecais en toda a franxa litoral*

Bombeos automáticos en defensa do mar

Gracias a un novo sistema controlaremos mellor os residuos líquidos que nos sobran. O obxectivo é detectar os problemas con máis axilidade e impedir que os bombeos alivien ó medio natural en caso de averías ou saturación.

Un sistema completamente automático baseado no control de cada un dos bombeos das augas residuais domésticas, fará posible que o sistema de evacuación sexa máis seguro e por tanto máis respetuoso co medio ambiente marino.

En Oleiros xa conseguimos que nen unha soa gota da auga xa utilizada nas nosas casas vaia parar ó mar sen depurar. Todo o territorio municipal está dotado dunha enorme rede de tuberías e bombeos, completados con pequenas depuradoras, que reciben auga suxa e devólvenla limpa ó medio natural.

As tuberías principais nacen no norte e van dar a un gran bombeo na Pasaxe que conduce as augas a Bens, donde reciben tratamento na depuradora mancomunada.

Agora damos un paso máis: instalamos uns dispositivos automatizados que advirten calquera problema e alertan sobre as averías que puideran producirse e que normalmente provocaban o alivio do bombeo directamente ó mar. Deste xeito contrólase a circulación dos fluídos para que non se produzan «atascos» na rede e cheguen á Pasaxe de maneira máis ordenada.


Elimínanse depuradoras en Mera e Canide

Esta obra está relacionada con outra non menos agardada polos veciños de Mera e Canide: a eliminación das respectivas depuradoras. No lugar donde agora se atopan as depuradora serán instalados bombeos para facer posible a operación de traslado dos líquidos sobrantes.

Estas depuradoras foran realizadas provisoriamente para sanear esta zona norte do concello, en espera de acomete-la situación idónea, que agora se acada coa conexión destas tuberías de saneamento coa rede global.

O sistema de tuberías e depuradoras para trata-los refugallos líquidos dos habitantes do Concello evita que nen unha sola gota de lixiviados chegue ó mar ou ós ríos de todo o territorio municipal sen ter recibido previamente un tratamento adecuado, se ben a Xunta debe acometer algunhas obras na estación de bombeo da Pasaxe, que é da súa competencia.

As dúas obras ascenden a 140 millóns, dos que o 30% é aportado polo Concello, e o resto pola Xunta de Galicia. O proxecto das dúas obras foi realizado polo Concello.



Queridos cans:

Vai sendo hora de que lles digamos ós nosos amos que deben axudarnos a vivir en Oleiros. **¿De que maneira?** — Levándo-nos da correa, porque algúns veciños cren que somos perigosos e asústanse de nós. — Limpando o pavimento cando facemos caca, porque cando pasean, poden pisala. — Vixiándonos máis nos xardíns, pois eles plántanos para estaren bonitos, e ademais, a nós gústanos máis estar polo monte...

Están a piques de contratarse a redacción dos proxectos para recuperar tres significativos espazos litorais: o futuro parque tras a Lagoa de Mera, o paseo marítimo entre A Fábrica e Beiramar por debaixo da Pasaxe, e a praia de Naval, en Dorneda. Unha vez que teñamos definidos os proxectos, será necesario xestionar a financiación para as obras.

Proxectos de futuro para recuperar litoral

Ampliación do Parque da Lagoa

Mera, máis espacio natural

O actual Parque da Lagoa, en Maianca, medrará coa anexión dos bosques colindantes cara ó interior. Crearase así un grande espacio verde e público que conectará a zona húmida da lagoa co futuro paseo marítimo, como parte do proxecto de recuperación de Mera.

O proxecto que se contratará definirá cómo vai quedar esa área natural, que sen dúbida redundará en aumenta-lo atractivo residencial que xa ten a poboación do norte. Atractivo que se nota no crecente número de novos veciños que elixen Mera para vivir.



Sta. Cristina - Beiramar



Conexión baixo a Ponte

A franxa litoral que, por baixo da Ponte da Pasaxe, conecta o paseo de Madeira que remata no Muelle do Inglés co de Beiramar, nas urbanizacións do interior da ría, terá tamén o seu proxecto.

Quérese realizar un paseo tranquilo e respetuoso co ecosistema marino.

Estamos seguros de que o futuro paseo de baixo a ponte seguirá os criterios de tranquilidade e peatonalidade que debe ter toda intervención no litoral, para disfrutala con calma.

Transformación da praia de Dorneda

Liberar Naval de murallas

Naval é a praia de Dorneda, aunque moitos chámanlle «a outra praia de Santa Cruz», pola proximidade ó porto, ou mesmo «Atalaia», pola altura do acantilado. O lugar foi terriblemente castigado na época negra da especulación con varias edificacións que afearon a costa.

O proxecto a contratar contempla a creación dun gran espacio público que afecta a varias fincas limítrofes. A maior parte delas serán adquiridas por convenio cos seus propietarios actuais, aínda que se non hai acordo, o Concello expropiará os terreos costeiros.

Esta ordenación permitirá crear zonas verdes, bons accesos á praia e a dotación de servizos en todo o entorno. Un cinturón verde arrodeará a praia, e abrirase un novo paso entre o areal e a Rúa do Mar. Tamén se preservará a praia nudista existente, coñecida como «A Calita».



Obras pendentes

¿Porqué se retrasan algunhas obras previstas?

Como poden comprobar, algunhas obras das que se anunciaban en pasados números de «Vivir en Oleiros», aínda non están realizadas. No Goberno Municipal, ademais de lamentalos retrasos, ofrecen algunhas explicacións: en varios casos, as obras non se acometeron durante o verán, para non entorpecer as actividades nas praias ou núcleos máis frecuentados por visitantes.

Noutros casos, en cambio, o problema está sendo o gran número de obras públicas contratadas polas administracións públicas en xeral. As empresas non dan feito para atender tanta demanda, e algunhas subastas quedan desertas.

Non obstante, din que tódalas obras comprometidas polo Goberno Municipal serán contratadas dentro deste exercicio.

Un fin de ano cheo de obras

O ano remata con esta nova xeira de obras públicas, tan necesarias para seguir convertindo Oleiros no lugar para vivir que todos desexamos. Case tódalas obras que aquí se reflexan comezarán antes de fin de ano, se ben damos referencia dalgunhas que xa comezaron e outras que estarán en marcha cando este exemplar chegue ás túas mans.

Alumeados

Comezarán antes de fin de ano

DORNEDA

- **Rúa do Mar** Un tramo que vai desde Sisaldo a Breixo, por un importe de 1.800.000 pts.
- **Rúa Cardal** Obra que costará 200.000 pts.
- **Rúa das Pedras** Cun investimento de 175.000 pts.
- **Rúa da Cruceira** Mellora da instalación existente, e costa 200.000 pts.
- **Rúas da Poza e Mte. Casal** Instalación por valor de 1 millón.
- **República Arxentina** Entre Lourido Grande e Pequeno. Costa 850.000 pts.
- **Entre Arillo e Vila Clara** Por un importe de 850.000 pts.

MAIANCA

- **R. Curros Enríquez** Prolongación do alumado nesta zona ata A Concheira, por un importe de 1.200.000 pts.

SERANTES

- **De Fieiteira a Cabezudo** Un tramo que supón un investimento de 180.000 pts.
- **Rúa Lamalonga** Prolóngase o alumado existente nese lugar, por un importe de 400.000 pts.
- **R. Celso E. Ferreiro** Prolóngase o alumado ata o límite da zona urbana cara ó faro. Costa 225.000 pts.
- **Rúa Xúpiter** Unha instalación que costa 170.000 pts.
- **Estrada de Veigue a Mera** Alumado que costa 600.000 pts.

LIANS

- **Rúa Monte do Sino** Unha obra que costa 1.800.000 pts. e que vai alumear ese lugar de Montrove.
- **Rúa Camariña** Unha nova instalación por valor de case 100.000 pts.

DEXO

- **Acceso a Aba** Mellórase o alumado nesta rúa de acceso, por un importe de 600.000 pts.

PERILLO

- **Rúa Os Álamos** Obra de alumado que costa 950.000 pts.

OLEIROS

- **Rúa Figueiras** Alumado por valor de 220.000 pts.
- **Glorieta das Pedreiras** Instalación que costa 270.000 pts.

NOS

- **Rúa As Pegas** Alumado que costa 600.000 pts.

Espacios públicos

Comezarán en breve

MAIANCA / Renovación da Urbanización Canide

Esta urbanización verá melloradas súas vías, infraestructuras urbanas e aceras, que costarán en conxunto uns 158 millóns. Outra obra prevista permitirá recupera-la vella fonte de Canide, co seu manancial.

LIÁNS / Andén Coruxo-Os Regos

Constrúese este arcén de 3 metros de ancho a ámbolos lados da vía, o que permitirá mellora-la seguridade viaria dos peatóns. Esta obra faina o Concello, aínda que a estrada (Av. Díaz Pardo) pertence á Xunta.

OLEIROS / Aceras cara ó Instituto

Importante obra para construír aceras en Rúa Charry, desde Francisca Herrera ó novo instituto, situado na Av. Miguel Hernández. Tamén se gana un carril de entrada á Praza de Galicia, donde se ubica o semáforo.

PERILLO / Apertura da Rúa Leocadia

É un vial entre a rúa Galileo Galilei e a praza de Charles Darwin, en Santa Cristina, e haberá que expropiar. O proxecto está listo e costa 10 millóns, entre aceras, recollida de pluviais e mobiliario urbano.

DEXO / 1ª fase do local social

Acométese a construción dun local social para actividades neste núcleo, por valor de 8 millóns para esta primeira fase.

SERANTES / Adro da Igrexa

Ralízase un ordenamento do lugar, que inclúe a construción dun cruceiro de canteira e novo mobiliario urbano.

SERANTES / Fornos

Paviméntanse as rúas deste núcleo tradicional da parroquia de Serantes.



Polideportiva cuberta de Rialta

Rialta: cuberta a polideportiva e local social anexo

Polideportiva cuberta e local social de Rialta son dúas instalacións recentemente inauguradas naquel lugar de Dorneda.

A obra consistiu en cobri-la pista que xa existía, dotala de servizos, e o engadido dun local social duns 100 m², que ten salón de usos múltiples e un despacho para a Asociación de Veciños Xocecer, de Rialta.

A pista queda así configurada

pola cancha de xogos e espacio para vestiarios, duchas, e almacén para o material deportivo, infraestructuras que tamén se poderán utilizar cando o local multiuso anexo sexa empregado para actividades físicas, como aeróbic ou semellantes. En total, a obra costou uns 32 millóns de pesetas, 27 deles destinados ó cobrimento da pista.

Auga e saneamento

Comezarán antes de fin de ano

NOS / Mellora da rede

Renóvanse as tuberías de abastecemento na Seara, e rúas Bartolomé de las Casas, Federico Maciñeira e Regueiro Escuro. A obra sobrepasa os 5 millóns e medio de pesetas.

Estas conducións de auga de Nos e algunhas de Santa Cristina son as máis antigas do municipio, porque os veciños fóron pioneiros na súa instalación. Agora toca o turno de modificálas, porque quedaron obsoletas.

SERANTES / Novas conducións

Prolóngase a rede de auga e sumidoiros no Camiño das Escolas e rúa Lamalonga (Serantes), en convenio coa Agrupación Veciñal ó 50%. Costa 3,2 millóns de pesetas.

DORNEDA / Rede nas Abeleiras

Realízase unha obra de construción dunha rede de sumidoiros e traída de auga na Avenida de Pardo Bazán á altura das Abeleiras de Arriba, por un importe de 5 millóns de pesetas, en cooperación cos veciños do lugar.

PERILLO / Alcantarillado no Riveiro

Realización deste tramo de saneamento, que conta coa aportación veciñal do 50% do seu importe.

Deportes

Comezarán antes de fin de ano

NOS / Campo de fútbol do Hércules

Mellórase esta instalación deportiva de San Pedro de Nos, para o que se acondicionarán tódolos servizos necesarios para a práctica do fútbol, como vestiarios e aseos, así como o peche con malla metálica do terreo de xogo. O seu coste supera os 8 millóns.

Outras obras en marcha

Xa contratadas ou en fase de execución

NOS / Aceras en S. Allende

Trátase da 5ª fase desta importante obra para a principal vía pública da parroquia de Nos, unha estrada que vai desde O Seixal a Abegondo e corresponde á Xunta de Galicia, polo que debiera ser o goberno galego quen acometese a obra. A gran carga de tráfico que soporta e o risco para a seguridade dos peatóns, fixo que o Concello realizase a obra con fondos propios.

OLEIROS / Campo de Fútbol

33 millóns para a renovación desta instalación deportiva, despois do acordo ó que chegou o Concello co Clube Obrero de Oleiros, para dotar o campo Eugenio P. Conchado de novo terreo de xogo, gradas, un ambigú e instalacións hixiénicas para público e deportistas.

OLEIROS / Aceras en Rúa Pardo Conchado

Mellora da seguridade viaria nesta vía que comunica República do Uruguay con Francisca Herrera

NOS / Rúa Xosé Baena

Pavimentación desta rúa que comunica as avenidas de Rosalía Castro e As Mariñas entre Lamastelle e Mesón da Auga.

PERILLO / Acera de Rúa Méndel

Construción da acera nesta rúa de Santa Cristina, cun custo de 4 millóns e medio.

LIANS / Aceras en Sta. Cruz

Pavimentación dun tramo de aceras en Pardo Bazán

IÑÁS-PERILLO / Impermeabilizacións

Pequenas obras no Pazo dos Vello e a Biblioteca Rialda

SERANTES / Pista de Xogo de Xoes

Ilumínase, para que os seus usuarios poidan utilizala en condicións de escasa visibilidade.

LIANS / Alumeado en Bastiagueiro

Obra de reforma do alumeadado no Paseo Marítimo de Bastiagueiro.

DORNEDA / Vexetación en Naval

Rehabilitación da vexetación na Atalaia, no entorno da praia de Naval.

PERILLO / Avda. das Américas

Duas obras que permitirán obter máis lugares de estacionamento ganados en ambos extremos do tramo do Clube de Regatas, donde agora existen uns parterres de erba. A remodelación costa 8 millóns, e non se perxudicará nengunha especie arbórea.

DORNEDA / Fonte do Couto

Obras de recuperación deste antigo manancial, que inclúe a adecuación do seu entorno, dentro do Plan de rescate destes espazos que noutroa foron lugares de convivencia social.

Asfaltados en todo o Concello

IÑÁS

Nas rúas Casavella (que se cementará, por 3 millóns de pesetas), a que comunica Iñás con Sarro costará 3.800.000, a rúa do Mirto, asfaltado que costará 900.000 pts. Cementa-la Rúa de Fontes costará 1.100.000 pts.

LIANS / Dolores Ibárruri

Pavimento nesta vía tan utilizada, nas Garruchas de Santa Cruz, por valor de 3 millóns.

MONTROVE

Nova pavimentación das rúas Eiris, por 2.300.000 pts. e Constitución, por algo máis dun millón.

NOS

Repáranse as rúas das Bolboretas, por 850.000 pts, e As Pegas, que costa 920.000 pts.

BASTIAGUEIRO

Cementa-la Rúa Asubío e dotala de mobiliario costará oito millóns de pesetas.

DEXO

Asfaltado das rúas do Castro da Vixía, e Rivela, por valor de 1.300.000 e 500.000 pts. respectivamente.

AVANCE DO PRESUPOSTO | AVANCE DO PRESUPOSTO | AVANCE DO PRESUPOSTO | AVANCE DO PRESUPOSTO

Máis de 1.200 millóns en obras para o 2001

Está a comezar un novo ano, e con él os proxectos para seguir facendo de Oleiros o Concello para Vivir que todos queremos. Aquí vai un avance do Proxecto de Presupostos que será presentado polo Goberno Municipal da Alternativa dos Veciños á Corporación para a súa aprobación. Nestas propostas tamén están recollidas as que foron solicitadas polas entidades veciñais de todo o municipio.

Reparación de vias

Moitas rúas necesitan atencións especiais para seguir soportando o noso tráfico, a parte dos pequenos mantementos que se realizan decotío.

- Rego asfáltico na rúa Icaria (1ª fase)
- Reparar rúa do Vencello en Arillo
- Rego asfáltico en rúa do Mar
- Arranxo rúa Sto. Domingo (Os Tornos-Rialta)
- Reparar rúas As Margaritas
- Rego asfáltico de mantemento ás rúas do casco de Xoés
- Reparar a rúa do Xabron (desde Dr. Fleming a Punxeiro)
- Reparar rúa Luis Pimentel
- Hormigonar a Xesteira
- Reparación da rúa María Soliña
- Reparación do camiño da praia, en Liáns
- Reparación do camiño entre a rúa do Souto e a praza de Liáns
- Rego en Salvador de Madariaga
- Reparar camiño do Castro
- Canalización na rúa Follas Novas
- Reparar camiño Os Pozos
- Asfaltado Castromen
- Zahorra A Canle
- Reparar rúa San Antón
- Reparar rúa A Torrella
- Reparar rúa da Folgueira
- Reparar rúa da Londra
- Reparar rúa Garduña
- Reparar camiño do Xabarin
- Reparar rúa Tierno Galván (de Broño ós Galgos)
- Reparar rueiro na rúa Cabreira
- Reparar mte. da Vella en Lorbé
- Rego en Río de Campo
- Apertura R/ de Fontes ó Faro
- Reparar Federico Manciñeira
- Reparar rúa Os Xuncos
- Reparar León Felipe
- Apertura R/Real Oleiros - Montrove

Novos pavimentos

Camiños que se van transformando en vías urbanas, vertebrando o territorio para acadar comodidade.

- Asfaltar rúa da Vila (sobreanchos)
- Asfaltar rúa As Cainceiras (tramo urbán)
- Asfaltado rúa As Carrizas (1ª fase)
- Asfaltado rúa Figueiras
- Asfaltar sobreanchos rúa Follas Novas
- Asfaltar rúa Camposeiras
- Cementar rúa Campomar (tramo)
- Asfaltar rúa Benito Vicetto
- Asfaltar rúa O Riveiro
- Rúa Granxarón (tramo)
- Rúa Morriña en Oleiros
- Tramo rúa nos Vilares
- Asfaltar R. Xustiza: Coroto a Xardín de Nós
- Rúa Pensamentos
- Asfaltado O Pinar en Lorbé
- Asfaltado O Perinxel (tramo urbán)

Alumeados públicos

Ver pola noite tamén mellora a seguridade e ofrece maior confort. Esta é a relación de melloras para ampliar a rede de alumeados.

- Glorieta As Pedreiras ó Carballo
- Melloras e ampliacións redes existentes
- Tr. de As Burras-Franzomel
- Tramos paseo de Santa Cristina
- Mellora Alumeado Urbanización A Granxa
- Tramo rúa Benito Vicetto
- Rúa da Proba (tramo entre O Couto e Breixo)
- Abeleiras de arriba ós Tornos
- Rúa O Real (segunda fase)
- Mellora alumado Perillo vello
- Alumado do parque traseiro con encendido dende a casa do pobo de Mera
- Camiño do Castro
- Luz na Avda. María Pita dende Breixo ata entrada urbanización de Canide
- Renovación alumado urbanización Bastiagueiro
- Melloras luminarias paseo central Avda. Sta. Cristina
- Alumado parque Rialda
- Tramo Av. Salvador Allende
- Rúa As Pitas
- Rúa Os Xilgaros
- Tramo nos Vilares

Aceras e seguridade vial

As aceras son un dos grandes temas que preocupan ós veciños, por eso se realizará un grande esforzo continuando o ensanchamento da gran rede xa existente.

- Aceras A Pía - A Perla
- Aceras Oleiros, tramo O Real - Edreira (1ª fase)
- Aceras Av. Rosalía de Castro, tramo Rialda - As Pedras
- Aceras As Torres
- Aceras rúa Pegaso, tramo esquerdo
- Aceras Arillo - Lourido marxe esquerdo
- Arcén entre A Agueira e Breixo
- Ordenación dos frentes da Facenda Local e carril cara á Corredoira das Viñas
- Andén Serantes - Agra. Marxe esquerdo
- Aceras Che Guevara de Orlinda ó Polvorín
- Arcén ata cemiterio de Liáns dende Muiño do Vento a Lóngora
- Reordenación cruce centro de Sta. Cruz
- Aceras do centro de Oleiros a Sta. Cruz (Barreira)
- Acera frente a casa do pobo de Lorbé
- Arcén Dexo - Lorbé (primeira fase)
- Arcén acera O Couto de Lorbé á panadería
- Recuperación senda costeira do antigo camiño de baixada a mera: de Canide pasando pola rúa Illa do Portelo para chegar ó mirador de Sta. Ana
- Facer tramo de acera pequeno entre a entrada urbanización Canide e o pavillón municipal
- Reparación aceras rúa Xuncal
- Construcción acera esquerda rúa Linneo

Auga e saneamentos

Para mellora-la presión da conducción de auga en moitas zonas, e seguir coidando o medio natural grazas a unha mellor xestión das augas residuais.

- Automatización bombeos fecais
- Novo depósito auga Oleiros
- Ampliación colector auga, Avda. Che Guevara
- Tramo de alcantarillado entre Abeleiras de abaixo e O Couto (rúa Río do Couto)
- Alcantarillado O Pinar
- Alcantarillado Jiménez Herrero
- Bombeo Agra do Río
- Bombeo de Aba
- Bombeo As Pedras (automatizar)
- Eliminación bombeo de fecais no instituto María Casares
- Renovar tramo colector Avda. Sta. Cristina
- Recuperación fontes e manantiais
- Novos tramos en S. Allende, Bart. de las Casas, Gándara e O Cruceiro
- Novo tramo R. Abeleira - O Valiño
- Peche das parcelas dos depósitos

AVANCE DO PRESUPOSTO | AVANCE DO PRESUPOSTO | AVANCE DO PRESUPOSTO | AVANCE DO PRESUPOSTO

Obras para o 2001

Parques e novos espacios

Novas áreas de esparcemento e servicios para seguir facendo dos parques e os espacios públicos unha das nosas señas de identidade.

- Urbanización O Repicho (peatonalización)
- 10% polígono As Galeras (urbanización)
- 10% polígono O Carballido (urbanización)
- Construción do Punto verde medioambiental
- Ordenación glorieta da Choupana
- Reordenar zona verde Cova dos Bois
- Nova dotación mobiliario urbán
- Obras campo da festa de Iñás
- Urbanizar parcela Casa do Pobo de Nós
- Urbanizar campo da festa de Dexo
- Execución do carril-bici de Canide a Mera
- Ampliación parque dos Regos
- Obras de urbanización O Valiño
- Reposición zona verde en Avda. Che Guevara
- Urbanizar parque público no Carballo

Solo para equipamentos

Amplia-lo patrimonio público para crear novas áreas de paseo, deportivas, educativas ou de esparcemento, comprando novos terreos.

- Parque metropolitano (3ª fase)
- Sendas costeiras
- Zona verde lagoa de Mera (ampliación)
- Ampliación recinto Canide (colexio e polideportiva)
- Ampliación vias e paseos
- Adquisición solo colindante ó local que utiliza a A.VV o castelo de Breixo
- Adquisición solo colindante co parque da casa do pobo de Dorneda
- Comprar terreos cemiterio Dexo
- Adquisición terreos posteriores a Casa do Mar de Mera

Máis árbores

Plantaremos centos de novas especies vexetais para que nos axuden a facer máis amables e naturais os nosos entornos urbanos.

- Zona verde O Carballido (rúa Miradoiro)
- Zona verde Beiramar
- Zona verde Arenaza
- Parque Luis Seoane
- Parque Bastiagueiro
- Parque José Martí
- Zona verde lagoa de Mera
- Zona verde Lóngora
- Zona verde Rafael Alberti
- Frente urbanización Lamastelle

Mobiliario urbano

Marquesinas, papeleiras, bancos, paneis informativos, xogos infantís... unha morea de maneiras de ir completando os lugares residenciais.

- Colocación e reposición de mobiliario urbano en distintos lugares do Concello
- Mobiliario urbán: en Xubín, en Castelo, parque infantil da praza de Liáns (reposición xogos), paseo marítimo de Santa Cruz
- Paneis informativos: casa pobo Nós, seixal, xardín de Nós, en Vilanova e na confluencia da rúa Areosa coa rúa Tierno Galván

Edificios e outros

Seguir habilitando lugares para a convivencia e o lecer, ata completar unha rede de infraestruturas para que todos teñan dónde exercer-las súas actividades sociais e culturais.

- Construción Casa do Pobo Dexo
- Primeira fase recuperación casa Guyatt
- Primeira fase recuperación e adecuación cuartel de Mera para actividades sociais
- Melloras oficinas municí'pais
- Pintar polivalente (salón de actos) colexio Rabadeira
- Pintar casa do pobo de Nós
- Peche xogos infantís Santa Cristina
- Pechar de Travesas o ollo grande e o ollo pequeno no Seixo Blanco
- Bancos do Seixal ó río da Veiga
- Restaurar parque infantil do seixal
- Ordenación espacio contedores lixo
- Melloras parque A Capela
- Arranxo da parte baixa: barbacoa, etc, no C. Cultural de Montrove
- Melloras casa do pobo de Lorbé e pintar o edificio
- Adecentar entorno capela Santa Ana
- Mellora zona verde entorno de A Perla (parte traseira)
- Mobiliario parque zona Pía de Maianca: mesas, bancos, sendeiros
- Peche de travesas o regacho de Maianca
- Pintar depósito de Montrove
- Ludoteca no antigo centro médico de Santa Cruz
- Mobiliario para a nova escola infantil Bastiagueiro
- Mobiliario nova casa consistorial
- Mobiliario Casa do Pobo de Dexo
- Compra coche policía
- Compra motos policía e notificador
- Marquesinas: Aguarrío, Lourido pequeno, cruce de Abeleiras (Río), rúa das Grobias, Sarro de abaixo, Os Galgos, Avda. María Pita (Cabreira), rúa Os Vilares (sustituila)
- Partida transporte municipal (Consortio As Mariñas)
- Mobiliario nos baixos dos servicios de Cultura
- Realización de varios monumentos

Novos proxectos

Facer de Oleiros o que todos queremos que sexa é cuestión de tempo. Por eso hai que planificar novos espacios, creando novos entornos urbanos que son un exemplo para todos.

- Proxecto urbanización Peri 8 (Zona industrial Vilanova)
- Proxecto urbanización e parcelación zona industrial de Iñás
- Plan parcial da Traseira da lagoa de Mera
- Plan parcial de Bastiagueiro pequeno
- Proxecto urbanización porto-praia naval (recuperación entorno praia)
- Proxecto de acceso ó porto de Lorbé
- Proxecto do plan viario do termo municipal

Deportes

Para continuar coa intensa práctica deportiva é necesario investir en infraestruturas, polo que programamos unha morea de obras necesarias para mellora-la nosa cultura física.

- Peche malla polideportiva dos Regos
- Cubrir polideportiva dos Regos e dotala de vestiarios
- Habilitar baixos Bastiagueiro para actividades náuticas e outros deportes
- Novo campo fútbol de Sta. Cruz
- Peche malla polideportiva Seixal
- Peche malla polideportiva Dexo (mellora)
- Pintar pabellón polideportivo da Rabadeira
- Pulido e pintado polideportiva Rialta
- Rede protectora polideportiva Rialta (zonas altas descubertas)
- Cubrir polideportiva casa de pobo de Nós (Praza da Liberdade)
- Pulido e pintado das pistas polideportivas do colexio Luis Seoane
- Pulido e pintado das pistas da polideportiva do pavillón municipal de Canide
- Sementar herba no campo de fútbol de Montrove
- Redeseño da pista de xogos Parque Luis Seoane, en Santa Cruz

¡Separa o lixo na

O noso maior compromiso individual co medio ambiente está a poñerse a proba estes días. Se queremos vivir nun planeta cada vez máis limpo, temos que empeza-la viaxe na nosa

O proceso

En síntese, o noso compromiso como cidadáns consiste en depositar:

- Os envases nunha bolsa, que vai ó contedor de tapa laranxa.
- Os restos da comida noutra bolsa, para o contedor de tapa verde.
- O vidro no «iglú» verde.
- O papel e cartón, no caixón azul.
- Ah!, e as pilas a parte (pequenos contenedores en centros sociais ou comercios)

Os horarios

— Xa sabes, debemos deposita-las bolsas **entre as 9 e as 12 da noite**, excepto sábados e vísperas de festivos.

Os destinos

— O vidro e o papel dos contedores é conducido directamente ás empresas transformadoras, pois trátase dunha mercadería limpa e lista para ser devolta para a fabricación de novos embases ou papel reciclado.

— O resto do lixo que xeneramos é trasladado á Planta de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Nostián, perto da Refinería.

— Os restos orgánicos (de alimentos, vexetais, etc.) son sometidos a un proceso de transformación natural e quedan convertidos en «compost», un abono para misturar coa terra ou para rexenerar áreas naturais deterioradas.

— Os residuos inorgánicos ou inertes (bolsas, envases, plásticos, bricks, metais, etc.) chegan a unha cinta donde se realiza unha entresaca clasificatoria, agrupándo-os segundo a súa natureza. Consíguense así grandes paquetes de plásticos, metais, cartón, bricks... a maior parte destes materiais devólvense á vida útil para volver a ser utilizados polo home.

Os porqués

— Anque non nos demos conta, **cada vez xeneramos máis lixo**. O salvaxe incremento do consumismo fixo que os produtos do mercado se multiplicasen e só se diferencian polos envoltorios. Nos últimos anos asistimos a un irracional crecemento do lixo, xa que cada vez nos «empaquetan» máis a nosa vida diaria. Ate agora, ese material sobrante formaba montañas de lixo.

— Era necesaria a desaparición dos vertedeiros, que non só crean problemas paisaxísticos ou estéticos, senón tamén sanitarios e de control da súa actividade físico-química.

— O Concello de Oleiros, xunto co resto do **Consortio das Mariñas**, optou por utiliza-lo sistema de tratamento proposto pola Mancomunidade da Coruña, por consideralo **o máis respetuoso co medio natural** e o máis beneficioso economicamente para o conxunto dos veciños.

— Se **colaboras** co Concello, estás axudando a vivir **nun mundo máis limpo**.



Os restos de alimentos, ó contedor de tapa verde



Os restos de papel e cartón, ó caixón azul

As pilas pequenas de ten... Casas d...

O sistema para o tratamento dos residuos sólidos urbanos está xa case en marcha na súa totalidade, pero sobre todo **falta o compromiso dos veciños que aínda non se decidiron a colaborar**.

Todos podemos, dalgún xeito, contribuir a que os demais colaboren, contando as nosas experiencias a amigos e veciños, e persuadindo-os de que **non resulta complicado**. Só consiste en habituarse a botar cada cousa no seu sitio, e introducir no contenedor adecuado para que logo poida ser tratada facilmente.

As campañas de sensibilización seguirán aínda por moito tempo, pero xa están dados os

pasos máis trascendentes. A recollida dos contedores domiciliarios dos veciños, con dobre cobertura para facilita-la súa recollida, tamén a recollida dos camiños.

Esta recollida realízase normalmente para os residuos (os máis molestos) á semana para os veciños (anque son máis molestos) son limpos e non...

Polo momento realízase descomulgando os compostos das Mariñas, pero haberá unha recollida toda a comarca, e...

Vidro e cartón se

Pode que algúns veciños non lle estén dando demasiada importancia a levar o vidro ós iglús verdes e o cartón ós caixóns azuis.

Se botámo-lo vidro e o cartón en calquera dos outros contedores, o único que estamos é incrementando a factura que temos que pagar polo seu tratamento, xa que este tratamento págase por tonelada.

En...
vidro...
tratar...
trasla...
recic...
Vi...
outra...
Adem...

na casa!

as. Non hai opción:
cocina.



Os restos inertes,
ó contedor de
tapa laranxa

s, nos
contedores
das e
o Pobo



Os restos
de vidro, ó
iglú verde

dependentes: instala-
res, reparto
novos cubos do
compartimento
paración, e
selectiva con

realízase diaria-
síduos orgánicos
(plásticos), e dúas veces
s residuos inertes
voluminosos,
cheiran).

o a recollida está
de cada concello
en o Consorcio
o en pouco tempo
llida conxunta en
excepto Sada que

decidiu desvencellarse a última
hora desta acción conxunta.

O «Punto limpo»

Outra instalación complementaria que se construíra en breve é o «punto limpo», unha área na que se poderán depositar aqueles residuos especiais coma neumáticos, restos de obras, restos de talas ou grandes podas, películas ou filme de raios X, moblaxe vello, electrodomésticos inservibles... Alí podemos chegar cada un co noso coche e desfacer nos do que nos sobra doadamente, pois haberá recipientes para todo. Construíra-se en Iñás, perto da N-VI.

reparados reducen os costes

En cambio, o contido dos iglús verdes de plástico e as caixas azuis do cartón, non precisan tratamento, ó seren materias que se poden doar directamente ás empresas que as recollan para darlles nova vida. O vidro e papel-cartón circulan, así, por vías máis directas e económicas. Ademais, contribúen a reduci-lo peso das

outras dúas fraccións, reducindo tamén os custos que o Concello ten que abonar polo seu tratamento.

Por tanto, debemos lembra-la necesidade de levar o vidro e o papel ós lugares adecuados. Por limpeza e tamén por economía. Todos sairemos ganando.

■ *Temos que convencer a amigos e veciños de que separar é doado: só hai que coller un costume*

■ *Cada vez xeneramos máis lixo. É importante reducir esa cantidade de envoltorios inútiles que «disfrazan» os produtos*

O reparto dos ecocubos decorreu con normalidade. Pero se non recibiche-lo teu, podes recollelo na Nave de Servicios Municipais.

Ecocubos: primeiro eslabón na cadea da reciclaxe

■ *O Ecocubo é unha razón de máis para colaborar na reciclaxe*

En agosto repartíronse por todo o municipio os ecocubos de recollida de residuos para facilita-la separación de residuos nos domicilios, iniciándose así o proceso de reciclaxe.

O Ecocubo é o primeiro eslabón na cadea da reciclaxe, pois ésta iníciase coa participación de cada un dos veciños do Concello.

Trátase duns recipientes de dobre contedor, para concentrar nun único lugar as dúas principais bolsas de lixo que utilizamos decote.

O ecocubo doméstico ía dotado dun separador para o medio e unhas instrucións para facer un uso correcto de todo o sistema.

Dez visitantes realizaron un reparto cheo de preguntas e sorpresas nalgúns casos, pero sen demasiadas incidencias e que percorreu durante algo máis de dez días polas rúas e recovecos do Concello para lograr que non quede ningún veciño sen o seu ecocubo.

O aparello verde xa forma parte do mobiliario das cocinas dos fogares oleiráns. Foron moitas as visitas nas que se mixturaron o bo humor e a colaboración dos cidadáns.

Algunha situación curiosa rodeou o reparto: o día de comezo a prensa apareceu pola zona onde se atopaban para facer unha foto e que complementase a noticia do inicio da tarefa, eles atopábanse falando cunha señora interesada polas funcións exactas do ecocubo; ante a aparición dos fotógrafos correu rapidamente escaleiras arriba para poñer un vestido e acicalarse para saír así máis guapa na foto. É que en Oleiros tamén che somos presumidos.

Haberá máis contedores

Alguns veciños protestan porque os contedores lles quedan demasiado lonxe. Pode que nalgún caso teñan razón, pero temos que pensar que non se pode poñer un xogo de contedores en cada portal, nen á porta de cada casa. Sería unha loucura no noso concello, cun poblamento tan espallado.

Non obstante, aínda quedan nos depósitos municipais novos contedores que están a piques de instalarse. Anque pode non entenderse así, o proceso de cambios operativos na recollida do lixo é complexo, e require calma para adaptarse ás novas necesidades sen deixar de prestar servizo nen un só día.

Cantas máis empresas, menos paro

■ *Se precisas axuda para crea-la túa empresa, chama ó 981 610 319*

Artegama. Industria da madeira. Rúa Icaro, 44 (Polígono Icaria) Tif. 981 639 345

«**La fresa silvestre**» Av. Che Guevara, 71. Perillo. Tif. 981 637 118

IELE Servicios asistenciais. Paio Gómez, 16-6ºE. A Coruña. Tif. 981 216 325 ielesa@teleline.es

«La fresa silvestre», máis que unha simple tenda

Segundo conta a súa dona, este negocio non existiría de non ser por Bárbara, a axente de desenvolvemento local que lle asesorou para a súa apertura. Ela tiña unha idea, sabía o que quería, pero o que non sabía era por onde empezara.

Tras varios intentos en diferentes lugares, Sonia foi

á axencia e dende alí comezaron por animala. Así empezou a tarefa de orientación, facilitáronlle todo o que necesitaba, dende papeles ata información sobre a qué xanela tiña que ir a entregar algúns papeis.

Información sobre asociacións e cursos de formación en internet, fiscal,

banca, escaparatismo, ou empacotado. Pero quizáis iso non foi o que máis agradeceu, senon «o valor e ánimo que lle inculcaron» na axencia.

Hoxe o seu negocio marcha ben, está situado na Avenida Che Guevara e tal como puidemos ver non se trata somentes dunha tenda de naturopatía. É nada menos que un centro de sanación físico-mental. O nivel físico atópase centrado na propia tenda, onde se reciben consellos sobre factores de alimentación ou cómo prevenir algunhas enfermidades por medio de dietas, pero a actividade

continúa no que poderíamos denominar a trastenda, con cursos de iniciación ó ioga, sesións de reiki (técnica milenaria xaponesa de curación pola imposición de mans), así como actividades de regresións ou asesoramento en técnicas de Fengshui, que estudia a combinación de formas, cores, materiais e situación dos mesmos mediante a xeo-mancia chinesa. Súmanse a estas actividades outras de información para que a xente saiba algo máis deste temas, o que fan do seu centro moito máis que unha simple tenda. Felicidades a Sonia e moita sorte.



Unha das empresas

Novos «filóns» de emprego

O Servicio de desenvolvemento local está dirixido a empresarios e novos emprendedores, atendido por persoas con experiencia en distintos programas de formación de emprego, e é gratuíto. A súa sede é Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo.

Seguindo as directrices europeas sobre o emprego que recollen a importancia da creación de postos de traballo a nivel local, o Concello puxo en marcha este servizo. Algúns dos obxectivos do mesmo son promover iniciativas para que o municipio impulse o desenvolvemento descubriendo novos filóns

de emprego non explotados.

Este servizo vai máis alá do consello administrativo e actúa directamente a través da animación, o estímulo e a innovación. O trato cos interesados chega a ser moi persoal, superando as relacións habituais entre a administración e o cidadán.

O Concello actúa así como promotor de actividades e de mercado, asesores de proxectos de empresa e motores de creación de emprego, convertíndose así en centros dende onde apoiar decididamente a constitución de pequenas e medianas empresas.

■ Tres empresas nadas na Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

A Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local comeza a dar os seus froitos. Foi concebida como unha iniciativa para loitar contra o paro e como un servizo de orientación e axuda para novos empresarios e está a funcionar con grande éxito. Tres exemplos son «La fresa Silvestre», «IELE. Servicios Asistenciais» e «Artegama», empresa da que falamos no número anterior de «Vivir en Oleiros»

«IELE», o factor humano

Aínda que a súa sede non se atope en Oleiros, senon na rúa Paio Gómez da Coruña, é esta unha empresa promovida por veciños nosos: Irene Losada e Santiago Hervada.

Sabían a qué querían dedicar o seu esforzo como empresarios, pero buscaban alguén que lles puidese orientar e que lles servise de guía.

O encontro foi casual: despois dunha pelegriñaxe por diferentes estamentos oficiais e persoas de confianza atopáronse coa axencia.

«Axíña entousiasmouse co proxecto» —comenta Irene. Comezou a actuar rapidamente, coma se formase parte da empresa: xestión, púxolles en contacto con outros, indicoulles onde e cómo face-lo papeleo e onde facer cursos e obter subvencións. Tratou de comunicarlles toda a información extra que obtiña, enviándolles incluso algún anuncio

recortado do xornal...

Xa levan algo máis de seis meses funcionando e co tempo están asentándose nun sector bastante novedoso: a asistencia e acompañamento a persoas que o requiran no hospital, residencia, ou no propio fogar

Unha tarefa socio-sanitaria que non se limita á asistencia médica senon a petencia-lo factor social, pois o usuario necesita dun trato amable e humano debido ás súas especiais condicións

Dende axuda en momentos puntuais como a asistencia domiciliaria tras un período de descanso logo dunha operación ata servizos asistenciais continuados en casos de pacientes maiores: aseo, control da saúde e medicamentos, apoio na mobilización e desprazamentos, ou seguimento e control sobre alimentación e dietas. ¡Moita sorte!

Voluntarias que traen ecos de Italia e Alemaña

Os rapaces da Escola Infantil «A Pardela» poderán coñecer outras culturas e escoitar outros idiomas sen saír da escola. Concello e Fundación Paideia levan adiante un programa europeo de Servicios de Voluntariado impulsado pola UE, dirixido a xóvenes de 18 a 25 anos.

Maireke, Jeny e Sara xa están no Concello. Estas tres rapazas, as dúas primeiras alemans e a terceira italiana visitánnos para realizar labores de voluntariado na Escola Municipal Infantil «A Pardela».

A chegada de Sara Sara foi a última en chegar, ven de Italia e somentes ten 19 anos, cara de nena,

ollos asustados e unha grande coraxe. Entra pola porta da escola «A Pardela» tirando dunha grande maleta de cor amarelo, levanta a vista e trata de acertar quen de entre os presentes vai ser a familia que a vai acoller na súa casa durante a súa estancia aquí. Está algo asustada pois non esperaba tal comitiva no seu recibimento.

Varios membros da escola, a Concelleira de asuntos sociais, membros do servizo de voluntariado, responsables da Fundación Paideia, membros das familias que acollen as outras rapazas, algún xornalista, Maireke — que a mira con complicidade— e como non, a alcaldesa Esther Pita. Sara mantén esa mirada asustadiza mentres un a un vanlle presentando ós membros da comitiva, e mantén un sorriso nos seus beizos mentres asinte, indicando que entende quen é quen.

Sara acepta un café mentres lle dan a benvida e a alcaldesa lle conta as súas experiencias en Italia e lle invita a que pase pola casa consistorial a visitala cando queira.

O primeiro que pregunta é se hai algún sitio onde

conectarse a internet e tras un pequeno alivio ante a resposta afirmativa, comeza a contar porqué se decidiu a vir, di que no futuro lle gustaría estudar Psicoloxía e Pedagogía e que atopou unha boa oportunidade para comprobar se a súa decisión era correcta. Ademais, así coñece outro país, outra cultura e outra xente. Conta que lle gustan moito os nenos e todos escoitamos sorprendidos como unha nena de 19 anos nos fala do seu futuro cunha seguridade que moitos de nós nunca xamais tivemos.

Maireke mira sorprendida pois aínda non fala español e dubido que comprenda o italiano, sorrí cando conta que lle parece unha grande ocasión para aprender outra lingua, outros costumes e outra cultura. Asegura que ela tamén espera poder aportar algo e todos comentan que aquí tamén esperan aprender moito delas.



Ti tamén podes participar

Dende a súa creación o pasado mes de Xaneiro, o Servizo de Voluntariado está a obter unha grande aceptación entre os veciños do Concello, tanto no caso das charlas informativas como nos cursiños de formación, e cada día son máis os que se deciden a colaborar de diferentes maneiras.

Neste caso foron as familias que acollen ás rapazas; o Concello ofreceulle ós veciños a posibilidade de acollelas, cun coste cero, pois a familia está remunerada para cubri-los gastos que pui-

dese ocasiona-la estancia. Tamén para eles é esta unha experiencia engrandecedora pois o feito de ter na súa casa un habitante cunha cultura e lingua diferente pode resultar unha experiencia interesante, e nalgúns casos unha guía.

É o caso dunha destas familias, hai un membro ó que lle gustaría participar no programa de voluntariado europeo máis adiante.

A través do convenio firmado polo Concello, os voluntarios de Oleiros poden colaborar en países

de toda Europa como Alemaña, Grecia, Italia, Austria, Bélxica, Finlandia, Francia, Holanda, Noruega, Portugal, Suecia, Inglaterra ou Dinamarca, onde a estancia de acollida é de 3 a 12 meses. O tipo de actividades nas que colaboran son moi variadas, proxectos medioambientais, actividades relacionadas con temas de xenofobia ou drogadicción; axuda a refuxiados e inmigrantes; apoio a organizacións xuveniles e da infancia, apoio a persoas con discapacidades e un longo etcétera. Sempre

■ *Se queres vivir unha experiencia semellante en calquera país de Europa, ou colaborar co Servizo de Voluntariado chama a Servizos Sociais, ó tlf. 981 631 706.*

dentro dun ámbito de colaboración e solidariedade.

Cómpre destacar tamén os aspectos positivos de cara ós voluntarios do Concello coa visita destas dúas rapazas, pois com-

partirán opinións, experiencias e coñecementos en tarefas de colaboración e axuda, puidendo contrastar as diferentes maneiras de actuar en función dos países e as culturas.

Novo pulo á cooperación

Doce millóns e medio de pesetas serán destinados a trece proxectos, seleccionados entre 24 propostas presentadas este ano por diferentes institucións, ONGs e entidades comprometidas co desenvolvemento de lugares da cara menos favorecida do mundo.

A solidariedade dos veciños de Oleiros notarase en **>Nejapa (Salvador)**, donde Yocolamba está construíndo 442 vivendas con centro de saúde, gardería, parque e escola para reubicar nelas a 2.400 veciños que viven no suburbio marxinal "Calle Vieja". Cooperamos con un millón de pesetas.

Outro proxecto é **>"Vacacións en Paz" para os nenos do Sahara**, ó que se dedican 600.000 pts., que servirán

para traer a 7 nenos e un monitor.

Tamén se sufraga un proxecto de **>capacitación profesional para indíxenas en Chiapas** (955.000 pts), pola Fundación Paz e Solidariedade; a **>construción dunha ponte en El Estor**, en Izabal (Guatemala), promovido pola súa alcaldía, cun millón, a mesma cantidade que se destina a un proxecto económico de 200 **>produtores de habichuelas en Mirebalais e Cayes (Haití)**.

A Fundación Augusto Sandino constrúe vivendas para **>afectados polo Mitch en Estili (Nicaragua)**, proxecto ó que se destina un millón. A Asamblea do Poder Popular de La Habana beneficiase de un millón para un **>consultorio médico en Atarís (Cuba)**.

Manos Unidas remata un **>hospital en Gambo-Arsi (Etiopía)**, para o que se axuda con outro millón, o mesmo que o proxecto de **>identificación de nenos en Ecuador**, que realiza a Fundación Meniños. Tamén 1 millón recibe Solidariedade Galega para **>axuda médica en Acre (Brasil) e Lepira (Honduras)**. OSPAAAL recibe outro millón para **>axuda médica en Cuba**, e outro a Solidariedade Internacional, para construír unha **>rede de auga e outros saneamentos en Gracias (Honduras)**. Por último, a Embaixada de Venezuela recibe outro millón como axuda solidaria para a **>recuperación de zonas devastadas polas inundacións**.

■ *12,5 millóns para axudar a veciños doutros países menos favorecidos*

A Administración de Xustiza non cubre os gastos

Queren que lles paguemos o Xulgado

De cando en vez salta ós xornais unha noticia con tintes de alarma: o Xulgado de Paz de Oleiros non pode cos seus gastos e nen o Ministerio de Xustiza nen a Xunta de Galicia responden.

Estes son organismos competentes na administración de Xustiza, pero algún político insinúa que debe ser o Concello quen corra cos gastos do xulgado.

O Concello recibe cada ano 300.000 pts. da Xunta para dedicar a este capítulo. Esa é unha cantidade fixa que o goberno autónomo dedica ós Xulgados de Paz, sexa cal fose a súa carga de traballo. O Concello, ademais de aporta-lo moderno local do Xulgado, xa destina cada ano

máis de 1.800.000 pts. de fondos propios para mantemento, o triple do que destina a administración de Xustiza.

A importancia poboacional de Oleiros fai que ó noso xulgado non lle chegue a nada ese diñeiro, polo que o Concello xa pediu que se convertise nun Xulgado de Primeira Instancia, ou polo menos que o Estado dotase mellor o seu funcionamento.

¿Qué hai detrás desta noticia? O goberno quere desfacerse de cada vez máis gastos, polo que quere «empurrar» ós Concellos cada vez máis obrigas. Pero os veciños xa pagamos os nosos impostos tamén para outras administracións

Actividades para maiores

Móvete a calquera idade

Servicios Sociais volveu encher o outono con actividades dirixidas ós maiores dentro das aulas da terceira idade e Casas da Cultura.

Ximnasia de mantemento

A través de actividades lúdico-recreativas que traballan a mobilidade, flexibilidade, equilibrio, coordinación, ritmo ou respiración. En Perillo: martes e xoves ás 16:30h. Na Casa da República de Oleiros: martes e xoves ás 16:30h. No Centro Cívico de Santa Cruz: mércores e venres ás 17h. Na Casa do Pobo de Nós: martes e xoves ás 18:30h. Na Casa do Pobo de Mera: luns a venres ás 18:30. Na Casa do Pobo de Lorbé: mércores e venres ás 18:30h. Na Casa do Pobo de Iñás: martes e xoves ás 17:30h. Na Casa da Cultura de Montrove, martes e xoves ás 18:30h. E na Casa do Pobo de Dorneda, mércores e venres ás 16:15h.

Ludoteca

Con esta actividade o que se pretende é crear un espazo de

diversión no que se consegue romper co aburrimiento, estimula-la memoria e mellora-la atención e a concentración. Vai ter lugar en: Casa da Cultura de Perillo: luns ás 16:30h. E Casa da República de Oleiros: mércores ás 17:30h.

loga e relaxación

Nestes talleres inicianse os participantes na aprendizaxe de técnicas de relaxación e respiración, que axudan a conquistar un beneficio físico e mental. Os lugares onde se realiza son os seguintes:

Ximnasio da Casa da Cultura de Perillo: venres ás 17h. Casa do Pobo de Nós: mércores ás 16:30. Ximnasio de Santa Cruz: xoves ás 17h. E Casa da República de Oleiros: luns ás 17h.

Obradoiros de memoria

Traballar coa mente e excitar e manter as actividades cognitivas axuda a estimular a capacidade mental, nestes talleres que se celebran no Centro Social de Santa Cruz os martes ás 17:00.

Solicitaran solidariedade

Apoio ós emigrantes

Cos únicos votos dos nove concelleiros da Alternativa dos Veciños —o resto dos grupos xa se ausentaran da sesión sen prestar atención a este punto— o Pleno Municipal do 4 de setembro aprobou un acordo polo que o Concello mostra o seu apoio ás loitas dos emigrantes, tal como solicitaran por escrito un grupo de concidadáns nosos residentes na Arxentina. O acordo dí o seguinte:

“O Concello solidarízase con tódolos galegos que están loitando por acadar unha asistencia sanitaria, á que teñen dereito despois de ter dedicado a maior parte das súas vidas a levantar e manter as nacións donde están trasladados co seu traballo e contribuíndo á melloira social e económica do país.

Esixe dos gobernos Galego e Español, que como cidadáns galegos e españois que son da nosa nación atendendo ós dereitos que a Constitución Española lles concede, se lles dea cobertura sanitaria ós emigrantes galegos e españois residentes no exterior.

Remite o acordo adoitado á Federación de Asociacións Galegas no exterior, e bríndalles, se o estimaran oportuno, a solidariedade do pobo de Oleiros, así como a cooperación a calquera iniciativa puntual de asistencia sanitaria ós nosos emigrantes”.

Caneiro ganou o Blanco Amor

“O tempo era un lugar”. Con este suxerente lema concorría Xosé Carlos Caneiro, un escritor de éxito de Verín, ó certame literario dos Concellos galegos, que este ano correspondía organizar a Oleiros.

O resultado deuse a coñecer públicamente a media tarde na Biblioteca Rialeda. Pero a noticia saltaba pasadas as 10 da noite do mesmo día —29 de setembro—, cando en Portugal se lle entregaba o premio “Eixo Atlántico” ó mesmo autor e pola mesma novela.

É moi frecuente que os escritores concorran cun mesmo texto a varios concursos literarios, se ben cando gañan un premio retiran a obra no resto das convocatorias.

Non se tiña noticia de

que dous premios se viran nesta circunstancia e coincidiran tan felizmente nunha obra.

Unha novela que debe ser boísima e que os afezoados están desexando ler. Se non, vexan o razoamento do xurado: “Conseguido equilibrio entre a realidade opresora e a fantasía liberadora a través da escrita dun romanca sobre a utópica vila de Ébora, que presenta a historia individual de Libardino e introduce as aventuras colectivas dos seus disparatados habitan-

tes e Mefistos soñadores”.

Destacan tamén o “logrado carácter mítico de Ébora, vila raiana e auténtica personaxe colectiva, microcosmos que se torna universo como principio e fin de todas as cousas, que abre e fecha o círculo da existencia”

O xurado suliñou tamén a ambición estética, a intención lúdica e a mestría do deseño da arquitectura narrativa da obra, que foxe do perigo do pedantismo a través do hábil uso dos recursos irónicos, satíricos e humorísticos.

En fin, unha xoia literaria a xuízo dos nosos convidados de luxo: un xurado composto polo director de teatro José Manuel Blanco Gil, a escritora Marica Campo e os profesores Carlos Paulo Martínez Pereiro, Dores Sánchez Alegre e Xosé Ramón Freixeiro Mato. Actuou como secretaria a que fora presidenta da FMC, Ana Pallares.

O premio foi entregado a Caneiro durante un acto literario celebrado na Fábrica.

As Tertulias Literarias celébranse en:

- Biblioteca Rialeda de Perillo, os mércores de 17 a 19 h.
- Biblioteca de Oleiros os luns de 18 a 20 h.
- Biblioteca de Santa Cruz, os xoves de 17 a 19 h.



■ *Obras moi variadas e de tódolos xéneros sométense a tertulia cada semana en tres bibliotecas*

■ *Ler abre novos mundos, e compartir o que liches permíteche prolongar máis o pracer da lectura*

Tempo de ler, tempo de compartir

Por **Cecilia Martínez.**

Coordinadora das Tertulias na Biblioteca Rialeda de Perillo

Dende hai catro anos xuntámonos na Biblioteca Rialeda de Perillo, Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz e na de Oleiros, un grupo de afeccionados á lectura para falar de libros. A actividade é gratuíta. A tódolos asistentes lles entregamos un libro, seleccionado polos coordinadores dos grupos, e despois (ó longo dunha ou dúas semanas) charlamos sobre o que nos gustou e o que non. Coñecemos ós autores, as vidas, as obras, os seus

tempos. Desmenzamos ós personaxes, as tramas argumentais, as ideas que aportan. O obxectivo é compartir aquilo que nos provocou a lectura dese libro e aprender a sacarlle o maior proveito a ésta.

Polo xeral eleximos obras moi variadas e de tódolos xéneros. A nosa pretensión é que estean ó alcance de calquer lector, por iso non importa en absoluto a formación académica dos integrantes da tertulia. Algúns abandonaron os estudos no graduado escolar, outros non tiveron oportunidade de estudar. Nada diso ten importancia nos nosos grupos, ó contra-

rio, a pluralidade enriquece.

Este ano vai ser moi proveitoso en autores e libros. E para que vos fagades unha idea aquí vai unha pequena lista dos autores lidos: Xabier P. Docampo, Manuel Rivas, José Luis Sampedro, Isabel Allende, Marianne Fredrikson, Luis Sepúlveda, Marina Mayoral, Franz Kafka, Paul Auster, Carmen Martín Gaité, Amin Maalouf... A lista resulta interminable.

¿Anímaste a participar? Recorda que ler abre novos mundos e compartir o que liches permíteche prolongar un tempo máis o pracer da lectura. ¡Agardámoste!

Pistas para disfrutar

Casa da Xuventude

Arte, clowns, excursións e internet en decembro

A programación da Casa da Xuventude para decembro iníciase os mesmos día 2 e 3, cun **>Curso de iniciación á escalada**, actividade que se realiza en colaboración coa escola galega de escalada.

Entre os días 8 e 10, aproveitando a Ponte da Constitución e a Concepción, realízase unha **>excursión a Villafáfila**, dentro do ciclo "Coñece-los Parques Naturais".

O día 14 continúa outro ciclo que é seguido con moito interés: Entende-la arte. Neste caso a visita será á exposición de Caixanova no Kiosco Alfonso, sobre a **>Abstracción rusa**.

Entre o 15 e o 17, unha actividade moi creativa e divertida: **>Curso de Clown**, de 20 horas de duración (necesario inscribirse). Como remate, o mesmo día 17, haberá unha actuación dos Clowns **>Good Idea Company**, no Auditorio da Fábrica, ás 20,30h.

Entre os días 21 e 23 celebrará-se un **>Curso de dinámica de grupos**, tamén con 20 horas de duración, para o que é preciso inscribirse.

Xa en plenas vacacións do nadal, entre os días 27 e 30, unha nova sesión do ciclo Coñece-los Parques Naturais, neste caso unha **>excursión de Senderismo polos Ancares leoneses**. Apúntate, hai prazas limitadas.

Durante todo o mes haberá constantes **>cursos de internet de 4 horas**. Non tes máis que apuntarte.

Para máis información e inscricións Casa da Xuventude: 981 636 598.

Teatro, zarzuela e jazz para despedi-lo ano

En decembro son tres as obras que se van representar no Teatro As Torres, a primeira delas do autor Francisco de Rojas **>A Celestina** representada por **>Teatro do Noroeste**, o sábado día 2; o día 9 **>Teatro Pífano** será o encargado de por en escea **>¿Qué pasa coas empleadas dos grandes almacéns ó cumpiren os 50?**, a última obra do ano ten lugar o venres 15 e é **>Talia Teatro** quen presenta **>Menos lobos**.

A actividade musical de decembro ten dúas convocatorias no Centro Cultural A Fábrica: **>Agrupación lírica Ofelia Nieto** representa unha **>zarzuela**, será o día 16, e o venres 22, péchase o ano musical cun concerto a cargo da **>Big Band do Conservatorio da Coruña**, que interpretará música de Kellington, Goodman, etc.

En tódolos casos, os espectáculos comezarán ás 20.30h.

Xogos e arte para os máis pequenos

Dende finais do mes de novembro están en marcha as actividades culturais extraescolares "Obradoiro de xogos infantís" e "Laboratorio das artes" para os nenos do Concello en idade escolar.

Obradoiro de xogos infantís

Están dirixidos a nenos de entre 3 e 5 anos, como unha máis das actividades voluntarias e extraescolares que se levan a cabo nas Casas do Pobo de Mera, Lorbé, Dorneda e Nos. Están dispostos en dous grupos, un para os rapaces que xa participaron en edicións anteriores pois esta actividade se leva a cabo dende o curso 98/99, e outro para os que comezan por primeira vez.

Os obradoiros atópanse estruturados en diferentes módulos, que tratan respectivamente o plano motor, o plano social e afectivo e o plano cognitivo.

Os principal obxectivo polo

que se crean estes módulos de aprendizaxe é o de acadar un desenvolvemento óptimo en tódolos ámbitos da persoa a través do xogo cooperativo, ademais de que se vexa a actividade física como un período de disfrute e expansión, que se perciba a Casa do Pobo como un lugar propio no que desenvolver os seus momentos de xogo e divertimento, que coñezan e apliquen unhas normas mínimas de convivencia nos espazos compartidos, que desenvolvan valores como a colaboración, o respecto ás diversidades e ó seu entorno, que elaboren as súas técnicas de divertimento a través da súa propia creatividade e expresividade.

Laboratorio de artes

As actividades do pasado ano súmase esta nova coa que se pretende a través das linguaxes artísticas contribuir ó desenvolvemento de capacidades cognitivas, motrices, afectivas,

interpersoais e de inserción social que se consideran básicas para o desenrolo integral e armónico dos nenos.

O programa de actividades atópase distribuído en seis grandes bloques: Debuxo, Pintura, Taller de grabado e estampación, Collage, Modelado e Construcción, a través destas actividades o que se pretende e que os nenos coñezan os diversos materiais e descubran as técnicas básicas para expresarse artisticamente, lograr o achegamento á arte galega, nacional e internacional a través do coñecemento da obra de diversos autores, acadar unha motricidade fina e coordinación óculo-manual a través de experiencias plásticas e audiovisuais, desenrolar a creatividade e a capacidade de inventiva así como adquirir unha actitude de apertura e interese de cara a novas posibilidades expresivas.

Campionato municipal de Fútbol: mozos e mozas con regras heterodoxas

Fútbol mixto e sen campións

Dende hai 6 anos a Fundación Municipal de Cultura dende a Concellería de deportes está a organizar un campionato de fútbol durante o curso escolar para os mozos e mozas do Concello, no que destacan, a diferenza doutros campionatos, o carácter educativo e amigable.

Xa dende o comezo do partido priman as normas de

deportividade e amizade entre os participantes, tal e como se reflicte no regramento os xogadores de ambos conxuntos e o árbitro saudarán formando no centro do campo ó público asistente, despois os xogadores saudaránse entre sí, será entón cando poida dar comenzo o partido.


Para fomenta-la participación de tódolos xogadores as

normas obrigan a que todos deban xogar como mínimo un dos catro períodos de 10 minutos nos que se divide o partido. Ademais desta norma existe outra que estipula que o mesmo porteiro non poida xogar dous tempos seguidos e tamén debe haber, polo menos unha rapaza de cada equipo no campo en cada tempo.

Aínda que exista unha

clasificación durante todo o torneo, neste non existen gañadores nin perdedores pois dende o primeiro ata o último todos recibirán ó final da liga o mesmo premio.

Cabe destacar o labor dos membros do Servicio de deportes de cara a fomenta-la participación e a deportividade no proceso educativo-formativo dos rapaces do Concello.



Sala de danza da Fábrica

Os primeiros bailaríns

A primeira Escola Municipal de Danza de Galicia comeza este curso en Oleiros. A súa sede atópase na fermosa Sala de Danza do Centro Cultural A Fábrica, e nela ofértanse como opcións formativas a Danza Clásica e a Danza Contemporánea.

A creación da Escola de Danza Municipal de Oleiros nace como demanda dun colectivo a ter acceso á súa educación neste eido artístico no seu propio Concello, pois un considerable número de nenos e xóvenes oleiráns teñen que desprazarse á Coruña, ben como alumnos do Conservatorio da Deputación, ou noutras centros autorizados ou escolas privadas de Danza.

Na nova Escola de Danza de Oleiros, que terá a súa sede na Sala de Danza do Centro Cultural A Fábrica, vaixe aportar formación teórica e práctica, infantizando maiormente nesta última, de bailaríns e bailarinas afeccionados de calquera idade, cunha prioridade especial de para os máis novos. Así mesmo, a Escola tenderá á difusión dos valores formativos da danza entre o seu alumnado.

A partir dos catro anos, calquera ten cabida na Escola, orientándoos de cara a grupos homoxéneos segundo as súas aptitudes, intereses e idades. Un dos signos de identidade

básicos é o traballo dancístico en grupo, promovendo a asociación dos seus alumnos en agrupacións e estilos diversos.

A iniciativa municipal, pioneira en Galicia como tantas outras accións de Oleiros, configura unha serie de obxectivos a cumprir: o coñecemento e apreciación da danza, iniciando ós nenos dende os primeiros anos na súa aprendizaxe; desenvolver unha oferta ampla e diversificada de educación na danza, para toda a poboación de Oleiros sen límite de idade, e unha completa formación no movemento e na danza fomentando a participación do alumnado en agrupacións e reunións de danza.

Cando a iniciativa esté consolidada, a Escola organizará actuacións públicas, deseñando especialmente actividades didácticas dirixidas ós centros de ensino do Concello, co fin de achegar algo máis o mundo da danza ós non iniciados e mostra-lo traballo realizado polos alumnos. Co tempo espérase poder participar en actos públicos xunto con

■ *Nace en Oleiros a primeira Escola Municipal de Danza de Galicia*

outras agrupacións afeccionadas, intercambiando experiencias formativas.

Durante os períodos non lectivos haberá tamén actividades na Escola a través de obradoiros de verán/inverno, cursos, xornadas e seminarios.

Convidase a tódolos veciños a que participen na creación e crecemento desta nova Escola de Danza mediante a aportación de ideas e a participación nas actividades e cursos propostos.

Para calquer información poden chamar ós Servizos Municipais de Educación do Concello 981 610 000.

Un completo centro de formación

Horario: luns a venres de 16:30 a 21:30, sábados de 10:00 a 14:00

Especialidades: Danza clásica e danza contemporánea

Duración das sesións:

Música e movemento I: 2 sesións semanais de 45 minutos cada una

Música e movemento II: 2

sesións de 60 minutos cada una

Nivel de iniciación: Curso 1º: 5 sesións de 1h. Curso 2º: 5 sesións de 1,15h. Curso 3º: 4 sesións de 1,30h e 1 sesión de materia complementaria de 1h.. Curso 4º: 4 sesións de 1,30h e 1 sesión de complementaria de 1h.

Número de alumnos: A capacidade da Escola de Danza é de aproximadamente 135 alumnos en total para tódolos cursos

Ratios profesor/alumno:

Música e movemento I: 1-12 alumnos máx. 2 grupos con dúas sesións por semana

Música e movemento II: 1-15 alumnos máx. 2 grupos con dúas sesións á semana

Nivel de iniciación:

Curso 1º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 2º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 3º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 4º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 5º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 6º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 7º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 8º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 9º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 10º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 11º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 12º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 13º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 14º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 15º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 16º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 17º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 18º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 19º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 20º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 21º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 22º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 23º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 24º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 25º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 26º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 27º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 28º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 29º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 30º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 31º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 32º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 33º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 34º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 35º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 36º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 37º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 38º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 39º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 40º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 41º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 42º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 43º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 44º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 45º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 46º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 47º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 48º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 49º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 50º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 51º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 52º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 53º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 54º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 55º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 56º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 57º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 58º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 59º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 60º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 61º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 62º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 63º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 64º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 65º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 66º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 67º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 68º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 69º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 70º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 71º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 72º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 73º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 74º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 75º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 76º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 77º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 78º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 79º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 80º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 81º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 82º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 83º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 84º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 85º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 86º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 87º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 88º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 89º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 90º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 91º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 92º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 93º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 94º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 95º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 96º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 97º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 98º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 99º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 100º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 101º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 102º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 103º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 104º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 105º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 106º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 107º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 108º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 109º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 110º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 111º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 112º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 113º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 114º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 115º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 116º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 117º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 118º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 119º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 120º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 121º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 122º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 123º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 124º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 125º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 126º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 127º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 128º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 129º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 130º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 131º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 132º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 133º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 134º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 135º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 136º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 137º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 138º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 139º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 140º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 141º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 142º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 143º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 144º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 145º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 146º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 147º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 148º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 149º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 150º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 151º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 152º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 153º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 154º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 155º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 156º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 157º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 158º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 159º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 160º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 161º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 162º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 163º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx.

Curso 164º: 1-20 alumnos máx. 5 sesións semanais máx

«Á convivencia creadora»

■ *Premio da Fundación León Felipe ós veciños de Oleiros por «lograr resistir ós grupos de poder económico»*

Así se chama o premio León Felipe que concederon á Alternativa dos Veciños —grupo que ostenta o Goberno Municipal— esta importante fundación internacional que neste ano tamén otorgou distincións ó escultor Agustín Ibarrola, ó guionista de cine Rafael Azcona, á Fundación Shakespeare e a Rigoberta Menchú, entre outros.

Unha delegación de 10 personas da Alternativa dos Veciños recolleu o galardón no Ateneo de Madrid, unha das entidades culturais máis sobranceiras da capital. O premio que correspondeu ós veciños de Oleiros foi o da modalidade denominada

«convivencia creadora». Viaxaron a recoller o galardón 10 personas representativas do movemento veciñal, encabezadas polo seu presidente, Ángel García Seoane.

O premio, concedido pola Fundación que leva o nome do poeta español exiliado, foi otorgado, segundo consta na acta de concesión, porque «**el fomento del entendimiento y la unión entre los vecinos lograron resistir a los grupos de poder económico que querían transformar su municipio en un campo de especulaciones inmobiliarias y que su medio ambiente urbano y rural, sobre todo las zonas próximas**

a las playas, se llenaran de rascacielos y construcciones abigarradas, carentes de una planificación urbanística que asegurara un entorno habitable y una buena calidad de vida».

«**Alternativa dos Veciños, —continúa o razonamento do xurado— ganando todas las elecciones desde 1979, se ha mantenido en el poder municipal como fruto de su acertada gestión, que ha convertido a Oleiros en el municipio más destacado de la región por la calidad de equipamiento, servicios públicos y una administración urbanística modélica».**

Nesta ocasión tamén

conceden o Premio León Felipe ó escultor basco Agustín Ibarrola, que ó tempo é unha homenaxe de adhesión e desagravio polo salvaxe atentado sufrido no seu bosque pintado. Outros dos distinguidos son o guionista cinematográfico Rafael Azcona, a premio nobel Rigoberta Menchú, a Fundación Shakespeare, Ecologistas en Acción e Payasos sin Fronteras, o Seminario Galego de Educación para a Paz, a revista Utopía, á «Comunidad joven 2000», e tamén ós escritores Raul Guerra Garrido e Jesús Hilario Tunidor.

Novos estudos na Escola Municipal de Música

Máis músicas na Fábrica



A Escola Municipal de Música da Fábrica está a demostrar-lo seu éxito cada día. Cada ano máis alumnos e máis oferta musical para un centro que xa está inscrito pola consellería de Educación e Cultura como escola oficial, e que leva camiño de se converter nun conservatorio en toda regra, cando dispoña de máis camiño andado.

As aulas insonorizadas do Centro Cultural A Fábrica contan con novas especialidades, como Trombón, acordeón, oboe, batería, viola e baixo eléctrico. Seis novas disciplinas musicais, que complementan as xa existentes: piano, violín, trompeta, flauta, saxo, clarinete, guitarra, violoncello, contrabaixo, canto coral e solista.

Estas especialidades intercámbianse no ano lectivo coas de linguaxe musical (solfeo), e asignaturas complementarias como canto coral, música moderna, música folk, etc. Para os máis pequenos está prevista a disciplina introductoria «música e movemento».

Contan con 215 alumnos matriculados para o curso 2000-

2001, dos que se agardan os maiores rendementos. Anque a maioría dos alumnos son de idades infantís e xuvenís, cabe destaca-la presenza de adultos.

Durante o verán organizou diferentes cursos que obtiveron un grande éxito de participación, variados cursos entre os que se incluía un curso de cordas para 20 alumnos, para niveles medios e de iniciación, no que se paractiou co violín, a viola, o violonchelo e o contrabaixo. Ademais deste, na familia dos instrumentos de corda houbo tamén un curso de pedagogía para instrumentos de corda, dirixido a alumnos avanzados e profesionais da corda, ámbolos dous diri-

■ *Novas especialidades musicais nun centro que leva camiño de converterse en conservatorio oficial*

■ *Para este curso contan xa con 215 alumnos, entre adultos, infantís e xuvenís*

xidos polo profesor Sergio Castro.

Ademais destes dous houbo un curso de batería para 8 alumnos e outro de percusión latina para 9 alumnos máis, impartido por Miguel Gabana.

Por outra banda estivo a orquestra rítmica, na que se fixeron grupos por idades de 6 a 12 anos e que contou coa participación dos profesores Aranzazu Vera Beltrán e Ismael Vaquero Baquero, a quen acompañou, como profesor convidado, José Luis Pastoriza

As aulas de verán foron clausuradas por dous concertos cos alumnos dos cursos de cordas e do curso de Orquestra Rítmica.

Mozos! Novos lugares para as vosas festas

Unha actividade convivencial de gran éxito no noso municipio está organizada directamente polos interesados, sen demasiada planificación. Son as festas para as que o Concello presta a finca de Bastiagueiro, ou espazos nas Torres (Sta. Cruz) e o salón dos Regos. Agora prestarán-se tamén parte das casas Guyatt e Agramar, en Perillo. E lémbrese que tamén poden organizarse festas nas Casas do Pobo e centros cívicos das parroquias.

■ *Espacios municipais gratuítos para organiza-las vosas propias festas*

Os mozos que desexan celebra-la súa festa ou guate-que nalgún destes lugares, só teñen que encher unha instancia e recolle-las chaves.

É un servizo municipal para o fomento do ocio xove e alternativo, que só se presta en Oleiros, e sen dúbida o que concita máis éxito entre os mozos, pois é unha idade na que non gusta demasiado a tutela de pais ou autoridades.

Desde o Concello apélase ó sentido da responsabilidade dos rapaces para deixar todo nas condicións que o reciben, non molestar ós veciños coa música alta, e queda prohibido explicitamente o consumo de drogas.

Polo demáis, permítese a autoxestión das festas e foméntase a confianza absoluta nunha xuventude sana, divertida e madura.

Os dous novos locais son parte da Casa Guyatt, que está situada no paseo de madeira da praia, e forma parte do conxunto do Centro Cultural A Fábrica e a Casa da Xuventude. Entrará en servizo próximamente.

Outro é a Casa de Agramar, un edificio de cor clara que se ergue no medio do parque da urbanización, moi perto do mar e tamén da Avda. das Mariñas. Este edificio víñase utilizando como residencia ocasional para cubrir algunha actividade solidaria.

Ademáis destes locais, existen outros tres. Un con especial encanto é a finca da praia de Bastiagueiro, moi adecuada para festas de fin de semana. Tamén están á vosa disposición un local no complexo cultural das Torres de Santa Cruz, e o salón de usos



múltiples do Centro de Formación Díaz Pardo, dos Regos, que ten entrada independente desde a rúa.

Sabedes que os lugares habilitados para actividades sociais nas Casas do Pobo ou centros cívicos tamén poden ser utilizados para organizar festas, se ben hai que contar coas actividades programadas polas distintas entidades de cada parroquia. Existen espa-

cios destas características nas Casas do Pobo de Iñás, Nós, Mera, Dorneda, Lorbé, Oleiros e Perillo, o Centro cultural de Montrove, o Centro Cívico de Santa Cruz, ademáis dos xamentados en Bastiagueiro, Santa Cruz, Os Regos, Santa Cristina e Agramar.

Ánimo e a disfrutar libremente do voso tempo de ocio.

■ *Hai que solicitalos, disfrutalos e devolveos limpos; non consumir drogas nen molestar ós veciños*

¡Olo cos listillos!

Coidado! nos últimos tempos notáronse algunhas anomalías na utilización destas casas. Algún aproveitado quixo cobrar entrada nunha ocasión. Outra vez, a venta realizábase coa desculpa dunha promoción humanitaria...

En calquera festa que se organice nestas casas non se permite en absoluto cobrar entrada. O servizo está concebido para que grupos de amigos teñan un lugar adecuado para o ocio sano e libre.

Se detectas algunha anomalía ou algún listillo que pretende aproveitarse da situación, pono en coñecemento do Concello.

Actividades na Piscina da Fábrica

Natación para bebés e embarazadas

A partires do sábado 14 de outubro e ata o 30 de decembro, embarazadas e bebés de 6 meses a 3 anos asisten a cursos de natación na piscina da Fábrica.

As clases son tódolos sábados en horario de 9 a 10 no caso das embarazadas e tres turnos dunha hora de 10 a 13 horas para os bebés.

O prezo para esta actividade e de 1.200 pesetas ó mes e a inscrición na propia piscina de A Fábrica ou no teléfono 981 636 598

Maiores de tódalas parroquias, a nadar en bús

A natación para maiores de 60 anos con transporte e monitores incluídos voltará a ter cabida nas actividades programadas polo Concello.

Como xa ven sendo habitual dende o ano 97, os cursos de natación para maiores vanse realizar na piscina de A Fábrica.

En grupos de 25 per-

sonas, dirixidos por dous monitores, esta actividade terá distintos niveis, xa sexa de perfeccionamento ou de iniciación.

Esta actividade está pensada para que participen tódolos maiores de 60 anos do Concello que o desexen, que poderán facelo desde calquera parroquia, pois haberá un servizo de autobús que

os desplace dende os seus fogares á piscina, e o mesmo para a volta. O prezo para esta actividade será simbólico.

Tódolos interesados en obter información sobre esta actividade poden chamar a Servizos Sociais ó teléfono 981 610 000.

Parece que poderá abrir en xaneiro

A nova piscina fantasma

Moitos veciños preguntánselle cómo é posible que unha obra que leva meses finalizada aínda non pode ser disfrutada polos seus usuarios. A situación é absurda, e só se xustifica na proverbial lentitude das obras provinciais.

■ *Un edificio recoberto de madeira ó que agora lle están construíndo accesos*



A Piscina construíuse gracias a un convenio asinado por Concello e Deputación. O organismo provincial financia o 70% e contratou a obra, e o Concello puña o 30% restante, e aportaba os terreos.

A nova piscina está ubicada en Perillo, donde conflúen as principais estradas e liñas de transporte público. En total, o orzamento chegou ós 220 millóns de pesetas.

Segundo fontes provinciais, a entrega da instalación poderá ser realizada no mes de xaneiro, case

un ano despois da súa previsión, unha vez que rematen as obras de urbanización do entorno.

Ademáis do vaso, o novo centro deportivo conta cun ximnasio, unha cafetería e instalacións de saunas.

O seu exterior resulta sorprendente, pois o edificio está forrado de madeira, algo bastante pouco común. Tamén ten amplas xanelas.

A contratación

A piscina será un servizo público xestionado por unha empresa, seleccionada mediante un procedemento de contratación aberto. O Goberno Municipal presentou ó Pleno, para a súa aprobación e posterior exposición pública, os plegos de contratación, pero a oposición formada polos representantes de PP, PSOE e BNG, impediu a súa aprobación, o que pode retrasar aínda máis —e esta

vez non precisamente por culpa da Deputación— a entrada en servizo da piscina, xa que o procedemento administrativo para a contratación precisa de, polo menos, dous meses de trámites.

Precisamente darredor deste tema, os representantes socialistas dixerón que a piscina ía ser adjudicada “a dedo”, esquecendo que será o propio pleno municipal quen realice a contratación, un dato que os concelleiros da corporación deberan coñecer.

Arrodeados da nosa fermosa costa, tiñamos que potencia-la relación co mar. Axiña nacerá o **Clube Municipal de Deportes Náuticos**, unha iniciativa que integra o ensino deportivo co disfrute do tempo libre.

Nace o Clube de Deportes Náuticos



■ Varias escolas e propostas de ocio para disfrutar de todo o mar de Oleiros

Son xa moitas as actividades deportivas relacionadas co mar que cada ano se levan a cabo, tanto organizadas directamente polo Concello, como por entidades sociais e deportivas.

Esta nova iniciativa trata de coordinar tódolos esforzos que se están a facer nos diferentes lugares da costa e mostrar ós cidadáns unha oferta conxunta para disfrutar dos deportes náuticos, fomentando así mesmo o contacto co mar que se nos dá como un privilexio da natureza.

Calquera persona, de calquera idade poderá participar nas actividades do novo clube, que responde así ás necesidades e apetencias daqueles cidadáns que queren practicar deporte, pero que non pertencen a ningún clube ou non desexan adestrar cara á competición, senón movidos polo deveso de disfrutar da natureza en movemento.

O **Remo** terá a súa sede en Perillo e unha sección en Mera, con actividades de

banco móbil e fixo, para o que ocuparía as instalacións da Fábrica, o Clube de Regatas e o ximnasio da Polideportiva Valle-Inclán, así como as instalacións do Náutico de Mera.

A sección de **vela** residirá no Porto de Santa Cruz, e contará cunha aula no Castelo e os locais municipais do porto, para a modalidade de vela lixeira.

O **windsurf** practicaríase na praia de Santa Cristina, e o **surf e body-board** na de Bastiagueiro, para o que se poderá utiliza-la infraestrutura municipal, e o ximnasio do Inef.

Piragüismo terá tamén sede en Santa Cruz, para o que poderán utilizarse as aulas do Castelo, a instalación do Paseo Marítimo e o pabillón polideportivo Arsenio Iglesias.

En canto ó **buceo**, crearánse seccións en Mera e Lorbé, para o que se utilizarán as infraestruturas públicas existentes neses dous lugares.

Unha boa parte desta ini-

ciativa basearíase na oferta de cursos de formación para todo o que quixera participar, aunque non tivese moita idea.

O novo Clube de Deportes Náuticos está integrado, sobre todo, por escolas deportivas, xa que a estratexia de popularización destes deportes ten que comezar lóxicamente pola aprendizaxe e a familiarización coa auga e cada técnica deportiva.

Ademáis, o novo Clube será o órgano encargado de coordina-la utilización das infraestruturas deportivas que existen en toda a costa.

A nave náutica do Centro Cultural A Fábrica e os locais destinados a almacéns de materiais e embarcacións de Bastiagueiro, Santa Cruz e Mera.

Duas das escolas que se integrarían no Clube son as de remo e waterpolo, sobre as que se informa nesta mesma páxina. Trátase da máis ambiciosa oferta de deporte náutico de base de Galicia.

Remo e Waterpolo, duas escolas que xa funcionan

En novembro moitos rapaces do Concello comezaron activamente unha nova actividade: a **Escola Municipal de Remo** que ten como sedes o Centro Náutico da Fábrica, as instalacións do Clube de Regatas de Perillo e o ximnasio do Pavillón Municipal «Valle Inclán» de Perillo.

Son 60 prazas dirixidas a rapaces de 10 a 18 anos, entre novembro e maio. Será de luns a venres pola tarde e sábados pola mañá, 3, 4 ou 5 días semanais.

A Escola quere potencia-lo remo para que a medio-longo prazo se converta nunha escola especializada.

Ademáis, poden disfrutar das condicións naturais, como alternativa ás clásicas actividades de deporte en sala, aumentando o contacto coa natureza e como incentivo para potencia-los retos pessoais de superación e esforzo.

Hai tres niveis, en función da formación e idade dos alumnos: **Iniciación** ou toma de contacto co deporte, o medio, o material e o acondicionamento físico e motriz básico.

Especialización inicial, cun traballo máis técnico, e un programa de acondicionamento físico que lle permita maiores avances na súa formación integral, sen esquecer-los contidos de educación física.

Competición, para probas a nivel provincial, autonómico ou estatal, coa licencia federativa do Clube de Regatas de Perillo ou o C.D.Mariñeiro de Mera. Neste caso, complementarase os días de escola con sesións de adestramento segundo a época da temporada e a proximidade das competicións.

Realizaranse ademáis os primeiros test de valoración funcional para coñecer de xeito riguroso as progresións das capacidades físicas dos alumnos.

Waterpolo

A primeira escola municipal de waterpolo de Galicia comeza a actividade a mediados do mes de novembro.

Vaise ter lugar de luns a venres, en horario de 16:30 a 18:00 na piscina do INEF e os interesados poderán acudir 1, 2 ou 3 días á semana.

Xa se levou a cabo unha primeira fase de información e promoción polos institutos e colexios co fin de informar ós posibles interesados. A duración está prevista ata maio.

Os rapaces que o desexen poderán tomar parte en equipos e competir nas ligas de waterpolo provinciais e galegas.

Os monitores son da sección de waterpolo do Clube Natación Coruña.

Os interesados en participar en calquera destas actividades poden chamar á Sección de deportes do Concello 981 610 000.

■ A Escola Municipal de Waterpolo de Oleiros é a primeira de Galicia

A actual imaxe de Santa Aia chegou ó tempo no ano 55, traída dun anticuario de Madrid. É unha das anécdotas que enchen unha tese doctoral sobre as igrexas das Mariñas. Datos que son unha invitación a visita-lo engaiolante templo de Liáns.



Memoria de Santa Aia

A orfebrería

Diferentes detalles de orfebrería foron enchendo o templo. En 1739 a compra dunha dunha cruz do pendón de festa e en 1785 a compra doutra cruz de prata que substituíu a existente por estar en malas condicións, aínda que se especula coa desaparición da primeira.

En 1876 e tralo roubo do cáliz, adquirese un de prata vendido polo párroco do Burgo, por 275 reais. Ademais tamén se mercan, tal como consta nos libros de fábrica, unha cruz parroquial de metal branco para substituír unha dourada que xa se atopaba en condicións moi malas no ano 1890 e unha cuncha bautismal en 1904.

A igrexa de Santa Aia de Liáns é un exemplo, dos poucos, do barroco rural. Ten planta de cruz latina e destaca na súa fachada unha decoración profusa. O cruceiro está cuberto por un lucernario e acouga no seu interior retablos típicos do barroco galego do século XVII.

As primeiras informacións nos chegan de 1598 e falan do número de feligreses da parroquia: “Ay enesta feligresía 50 feligreses. Los frutos se hacen quatro partes la una y un diezmo lleva el retor de Santa María del Temple por ser aneja a esta feligresía con obligación de dezir cada semana en la mesma yglesia del Temple dos misas reçadas lleva mas el dicho retor quatro diezmos y los menudos que baldran diez cargas de todo pan y tres pipas de vino presentación del conde de Andrade...”.

Diferentes razóns coma incendios e roubos fixeron que desaparecesen datos durante case dous séculos. Pero en 1772, tras outra visita do arcebispo fanse consta-las existencias dentro da igrexa, pois era aquela unha época de trampeiros e ladróns.

Aínda que algo austera, as pertenzas non eran escasas e tiñan algo de valor. A meirande parte dos artigos viñan de doazóns dos señores do lugar ou dalgún devoto: “tiene 3 lamparas de plata, calices, viril, crecido, vinagreras y platillo, todo de plata quele remitieron los señores dela casa de Pardo de Cádiz, por cuio beneficio y mas que esperan los vezinos les cedieron el colateral del evangelio y las sepulturas ynmediatas ael...”.

Os datos mostran como foron feitas diferentes obras para a mellora e mantemento da igrexa, en moitas ocasións as malas condicións da igrexa non puideron ser amañadas por falta de cartos.

Algunhas destas obras quedaron reflectidas nos libros de fábrica onde ás veces apuntábase tamén o prezo. A primeira é de 1712: unha obra de canteiría dende o arco Toral que fixeron dous mestres de cantería da Coruña, Domingo do Porto e Domingo Antonio Gonzáles. Aumentaron tamén o número de sepulturas ata oito, pois somentes había cinco,

aproveitouse a súa presenza para poñer unha travesa na porta e arranxar as lousas da entrada.

Cento sesenta e un anos despois, no 1873, houbo dúas obras: renova-las tres escaleiras do presbiterio —pois tíñase pensado estreitar a tarima do altar engadindo catro pezas de cantería—, e abrir na parede un depósito para garda-las vinagreras e os demais enseres para servizo do altar.

En 1884 fíxose un arranxo no chan no que se “pisou” o presbiterio e a capela dos Dolores polo precio de 95 reais.

No tocante á decoración interior, a primeira das adquisicións que se atopa data de 1712, ano en que se mercaron dous Santos Cristos, un “de tres quartos de alto” que cun dosel de madeira e o seu gardapó, foi ubicado na sacristía fronte onde se vestían os sacerdotes e o outro “demas de quarta de alto” mercouse para diante da custodia do Santísimo Sacramento do Altar Maior.

No 1806 fíxose chamar a Francisco Carro, facultativo na arte da pintura e veciño de Betanzos para

que repintase a imaxe da patrona Santa Aia.

22 anos máis tarde, no 1828 chegou á igrexa o “Retablo de los Dolores”, que tivo que ser traído en barco e trasladado dende A Coruña por varios mozos que o levaron dende o peirao. Para armalo houbo que contar con 400 clavos, tal e como se indica no libro de fábrica do arcebispo. En 1852 encargóuselle a un carpinteiro que fixese o rostro da Virxe dos Dolores, traballo polo que cobrou, tal e como figura nos libros, 18 reais.

Xa en 1955 chegou a imaxe de Santa Aia para presidir o altar maior, agasallo de Antón Pastor, que a atopou nunha casa de Antigüedades de Madrid, para colocala no lugar da imaxe que xa existía, demasiado pequena para a amplitude do retablo maior.

Existen nos libros datos doutras adquisicións, como unha campá en 1770, ou os arranxos da sacristía (1878), a balastrada do coro (1883), o armario para o arquivo (1907) ou un pararraios de Franklin (1916).